

As mulleres subsaharianas en Galicia: diversidades fronte a estereotipos

Iria Vázquez Silva, Xullo 2008
Tese de Maxister, POP Estudos de Xénero
Curso 2007- 2008, Universidade de Vigo
Titara: Carmen Verde Diego

Quixera agradecer dun xeito moi especial a colaboración prestada das seguintes entidades: o “Centro de Información á muller inmigrante” (CIMI) e o “Centro de día” de Alecrín en Vigo, así como as ONG’s Equus Zebra, Eco- desarrollo Gaia, e o sindicato CC- OO- Cite. As conversas mantidas coas traballadoras e traballadores destas entidades foron dunha gran axuda para a realización deste estudo.

Así mesmo, a tódalas mulleres inmigrantes entrevistadas e participantes neste estudo: moitas grazas.

ÍNDICE

1.- Introducción.....	4
2.- Obxectivos e xustificación da investigación.....	7
3.- Apuntamentos metodolóxicos	11
4.- Matizacións en torno ó concepto de “mulleres inmigrantes”	16
5.- Breve contextualización sobre as mulleres inmigrantes en Galicia: a minoría das mulleres subsaharianas.....	22
6.- A especificidade das mulleres senegalesas	29
6.1.- Os diversos proxectos migratorios das mulleres senegalesas: unha minoría diversa.....	29
6.2.- Os cambios na esfera do privado a partires da migración.....	37
7.- A especificade das mulleres nixerianas.....	41
7.1.- Os diversos proxectos migratorios das mulleres nixerianas.....	41
7.2.- As mulleres nixerianas na prostitución	43
7.2.1.- Breve marco sobre a prostitución	43
7.2.2.- A vivencia da prostitución por parte das mulleres nixerianas.....	48
8.- Análise de estereotipos sobre as mulleres subsaharianas	55
8.1.- A inmigración feminina e a prensa: os achegamentos teóricos.....	55
8.2.- Análise de prensa sobre as mulleres subsaharianas en Galicia: discursos que estigmatizan.....	60
8.3.- O racismo na pel das inmigrantes.....	72
9.- Conclusións.....	82
10.- Bibliografía	85
Anexo 1: Índice de Gráficos e Táboas.....	91

1.- INTRODUCCIÓN

Preténdese nesta investigación realizar un achegamento á realidade das mulleres subsaharianas que viven en Galicia. ¿por qué elixir a este colectivo, cando é minoritario dentro da inmigración feminina na nosa comunidade¹? Varias son as razóns:

Para comezar, hai que sinalar que non existen estudos en Galicia que abarquen ó colectivo de mulleres inmigrantes subsaharianas, a excepción do caso das mulleres caboverdianas residentes na mariña luguesa². Esta invisibilidade académica, dende a miña perspectiva, responde o feito de que numericamente non é un colectivo moi voluminoso, unido ós prexuízos que soen caer sobre estas mulleres, vistas a miúdo como un obxecto de estudo pouco interesante e/ou aburrido, debido a que se lles vincula coa imaxe de “acompañantes dos maridos”, verdadeiros “migrantes” e traballadores na sociedade de acollida.

Falando a un nivel xeral, como nos lembra Dolores Juliano³, o imaxinario social tende a ver ás mulleres como pouco móbiles no espazo; un fenómeno que non deixa de sorprendernos, xa que, como continúa a antropóloga, a presenza da patrilocalidade na maioría das culturas ten feito que as mulleres sexan as que abandonen o fogar de orixe cando casan, o que as dota dunha mobilidade estruturalmente maior que a masculina. Mais, a pesar desto se mantén un modelo social no que se lle asigna ós homes a posibilidade de desprazamentos voluntarios e ás mulleres se lles atribúe permanencia.

Deste xeito, as mulleres subsaharianas migrantes non aparecen, ós ollos dos/as investigadores/as tan “suxerentes” como outras migrantes doutras procedencias, como ás mulleres latinoamericanas, máis asumidas xa, grazas ó traballo de diversas

¹ As mulleres subsaharianas empadroadas en Galicia en 2007 ascenden a 641, un 1,5% do total de mulleres inmigrantes empadroadas na nosa comunidade. Fonte: Padrón Municipal 2007, INE.

² Fernández, Lucía (2006): “La dialéctica de la inclusión versus exclusión de l@s inmigrantes: retórica y realidad” en Santos Rego, Miguel A. (ed.): *Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural*, Grupo Editorial Universitario, pp. 171- 191.

³ Juliano, Dolores (2003): “La inmigración sospechosa y las mujeres globalizadas” en *Mujeres de un solo mundo*, pp. 123- 134.

investigadoras⁴, como migrantes autónomas e xefas de fogares transnacionais.

Mais, como se explicitou en investigacións pasadas para o conxunto de mulleres inmigrantes, o colectivo de mulleres subsaharianas non posúe traxectorias homoxéneas, senón que dentro deste colectivo existe unha variedade de proxectos migratorios, unhas veces como reagrupadas familiares, e outras como migrantes autónomas e xefas de fogar. Polo tanto, se pode dicir que esta invisibilidade académica responde a unha homoxeneización das traxectorias deste colectivo, unido a un desprezo por non ser categorizadas como verdadeiras “migrantes laborais”. Como veremos, nin unha cousa nin a outra se sosteñen dende unha perspectiva de xénero: como dixemos, detrás das mulleres migrantes subsaharianas existen diversas experiencias migratorias, e en segundo lugar, o feito de que parte destas mulleres non encaixen no rol de “migrante laboral” non significa que non posúan un interese académico: xa sabemos que o traballo doméstico e o traballo no mercado laboral informal, (os nichos laborais de moitas mulleres subsaharianas), aínda non teñen acadado un “status” social como o modelo de traballador “gaña- pan”, o modelo patriarcal que segue a estar no eixe do noso sistema laboral, de seguridade social, de política migratoria, etc. Neste senso, Ruth Mestre nos lembra como o/a inmigrante ten que responder ó modelo de “gaña- pan”, o que exclúe as actividades ás que as inmigrantes principalmente teñen acceso: traballos desregularizados, privatizados e feminizados, no caso de que se consideren traballo; non podemos esquecer que este modelo “gaña- pan”, (os dereitos en función da contribución) nunca foi un sistema válido para as mulleres: é máis, precisa a exclusión das mulleres para manterse⁵.

Queda patente, polo tanto, que a propia Academia no estudo das migracións, reproduce un sistema que da valor só o que é considerado socialmente como economicamente productivo, fixando a súa ollada nas actividades que posúen unha “rentabilidade económica” para a sociedade de acollida. Aquelas outras realidades, vinculadas coa vida cotiá e doméstica dos/as inmigrantes, non son tidas en conta dende unha perspectiva académica nin científica, (a excepción do traballo doméstico que fan moitas

⁴ Oso, Laura (1998): *La migración hacia España de mujeres jefas de hogar*, Instituto de la Mujer, Madrid.

⁵ Mestre, Ruth (2000): “Mujeres inmigrantes: cuidadoras por norma” en De Lucas, Javier, (Coord.): *Inmigrantes: una aproximación jurídica a sus derechos*, Germania, Madrid, 109-137, p. 112.

inmigrantes, e que, tamén grazas ó traballo de diferentes investigadoras⁶, comezou a considerarse “traballo”). En todo caso, se segue a repetir esa óptica rentabilista da inmigración, un discurso moi estendido social e politicamente.

Esta exclusión dende a Academia do mundo cotiá ven de lonxe, e está relacionada coa construción do concepto de obxectividade asociada co masculino e a subxectividade co feminino. Así, o mundo do privado, non é considerado cientificamente importante, debido a esa capa de “subxectividade feminina” que preside o ámbito do doméstico. As palabras de Evelyn Fox Keller describen claramente como se fraguou a oposición entre o persoal/ emocional, (feminino), e o impersoal/ racional, (masculino).

“O tema máis inmediato para unha perspectiva feminista das ciencias naturais é a mitoloxía popular, profundamente enraizada, que sitúa a obxectividade, a razón e a mente como se fora unha cousa masculina e a subxectividade, o sentimento e a natureza como se fora unha cousa feminina. Nesta división do traballo emocional e intelectual, as mulleres foron garantes e protectoras do persoal, o emocional, o particular, mentres que a ciencia- a provincia por excelencia do impersoal, o racional e o xeral- foi reserva dos homes”⁷.

⁶ Para afondar na temática sobre a inserción da inmigración feminina no sector do servizo doméstico, ver: Parella, Sònia (2003): *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*, Anthropos, Barcelona; e Oso, Laura: (1998): *La migración hacia España de mujeres jefas de hogar*, Instituto de la Mujer, Madrid. Para a análise económica do traballo doméstico, ver: Carrasco, Cristina (1989): “La valoración del trabajo doméstico: un enfoque reproductivo” en Caillavet, France, (coord.): *Economía del trabajo femenino, sector mercantil y no mercantil*, pp. 101- 108.

⁷ Fox Keller, Evelyn (1991): *Reflexiones sobre género y ciencia*, Edicións Alfons el Magnànim, Valencia, p. 15, [traducción propia].

2.- OBXECTIVOS E XUSTIFICACIÓN

O primeiro obxectivo (1) que se marca nesta investigación é realizar un achegamento ás diversas experiencias das mulleres subsaharianas, facendo un especial fincapé nun eido moi pouco investigado: como a experiencia migratoria transforma a vivencia do ámbito doméstico por parte destas mulleres de orixe africano. Así, lonxe dunha ollada etnocéntrica, e a través dos propios discursos das mulleres entrevistadas, se pretende neste estudo contrapoñer os cambios ós que se enfrontan no ámbito do privado as inmigrantes subsaharianas en Galicia.

En segundo lugar, (2), como se sinalou arriba, o colectivo de mulleres subsaharianas presenta unha variedade de proxectos migratorios que se tentarán reflexar neste traballo. É dicir, se por unha banda, a miña ollada quere valorizar as experiencias destas inmigrantes na vida do doméstico, por outra banda, tamén se pretende visibilizar a variedade de actividades que desempeñan as mulleres subsaharianas. Nesta liña, as mulleres subsaharianas espertan o meu interese debido a que rachan un estereotipo que opera tanto nas súas sociedades de orixe como na sociedade de destino: o varón como migrante e iniciador da cadea migratoria. Este estigma de “aventureiras” as perseguirá fronte ós inmigrantes do propio colectivo subsahariano (un fluxo bastante masculinizado⁸), moi reacios a aceptar ás mulleres inmigrantes como unhas iguais no camiño migratorio.

Por outra banda, este estigma, se atopa tamén en moitas capas da sociedade de acollida, que a través dos estereotipos reduce ás mulleres subsaharianas a un par de tópicos simplistas e reduccionistas, tal e como se verá ó analizar a prensa galega e española. Polo tanto, o terceiro obxectivo desta investigación (3), será afondar na análise dos estereotipos formulados respecto ás mulleres subsaharianas. Con este fin, se levará a cabo unha análise de prensa co seguimento de tres xornais. Mais, non só a prensa reflexa os prexuízos, a xente da rúa e tamén o dereito a través dunha Lei de estranxeiría que dificulta a moitas migrantes o traballo fóra do fogar, mostran claros exemplos da imaxe que ten a sociedade española das mulleres africanas. Neste senso, e como subliñan as mulleres entrevistadas, os varóns autóctonos teñen unha idea moi prefixada

⁸ As mulleres subsaharianas representan o 23,6% do total de persoas inmigrantes subsaharianas empadronadas en Galicia. Fonte: Padrón Municipal 2007, INE.

da ocupación laboral das mulleres “negras” en Galicia. Analizar estes estigmas e afondar neles é un dos obxectivos do presente traballo, un exercicio previo necesario para rachar con eles.

En cuarto lugar, (4), outro dos nosos obxectivos reside en investigar as estratexias das mulleres subsaharianas para ser aceptadas dentro do seu propio colectivo e da sociedade de acollida. É dicir, trataremos de afondar en como fan fronte ó feito de ser as iniciadoras do proceso migratorio e ser vistas como “aventureiras”, no seu caso, cun matiz pexorativo. Visibilizar estas estratexias é un xeito de mostrar a outra cara dos estereotipos: as mulleres migrantes africanas activan as súas propias ferramentas para afrontar esta invisibilidade e exclusión, e van así transformando, ás veces silenciosamente, o estigma de mulleres migrantes africanas, submisas e dependentes do marido. Neste senso, resultan clarificadoras as palabras de Ruth Mestre, unha experta nas migracións femininas:

“O sistema sexo/xénero marca tanto a desigualdade das mulleres no Perú como no Estado Español; en Francia como en Arxelia, en Alemaña como en Turquía, en Suecia como en Somalia. Sen embargo, non hai que esquecer que practicamente en tódolos tempos e lugares as mulleres (si) teñen negociado, contestado e combatido esta situación de mil maneiras”⁹.

Por outra parte, esta migración feminina permitirá afondar sobre a subxectividade respecto a súa situación como mulleres nos seus países de orixe con respecto a Galicia. Dende unha óptica non etnocentrista, (e empregando sempre os discursos das propias protagonistas), tentaremos investigar as súas opinións con respecto a que partes da sociedade galega lles parece máis machista que a dos seus países de orixe, e ó contrario. Deste xeito, avaliaremos os códigos culturais que senten como mulleres en ambas sociedades.

Por último, o feito de que as mulleres subsaharianas en Galicia se concentren, como se observa na táboa 1 en, basicamente, 3 nacionalidades: a nixeriana, a senegalesa e a cabo

⁹ Mestre, Ruth (2005): “Trabajadoras de cuidado. Las mujeres de la ley de extranjería”, en Checa, Francisco (ed): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 139- 167, pp. 140- 141, [traducción propia].

verdiana, cunhas características marcadamente diferentes, nos fará distinguir entre varias tipoloxías de migración feminina subsahariana. Como se comentou arriba, as mulleres caboverdianas xa foron estudadas, motivo que nos levou a centrarnos nas outras dúas nacionalidades: as mulleres senegalesas e as nixerianas, colectivos que nunca foron investigados na nosa comunidade. Debido a que este estudo posúe un obxectivo básico de visibilización, se optou por darlle prioridade ós colectivos que aínda non posúen unha trascendencia académica.

Táboa 1: Distribución por nacionalidades e sexo da inmigración africana en Galicia, 2007.

	Total	Varóns	Mulleres
ÁFRICA	7316	5096	2220
Angola	116	62	54
Arxelia	393	312	81
Cabo Verde	303	182	121
Camerún	76	59	17
Congo	10	6	4
Costa De Marfil	14	12	2
Egipto	32	18	14
Gambia	16	14	2
Ghana	427	396	31
Guinea	32	24	8
Guinea Ecuatorial	59	26	33
Guinea-Bissau	19	15	4
Liberia	10	10	0
Malí	10	8	2
Marrocos	4025	2625	1400
Mauritania	51	45	6

Nixeria	385	155	230
Rep.Democ Do Congo	7	4	3
Senegal	1115	1009	106
Serra Leona	19	13	6
Sudáfrica	22	10	12
Túnez	25	19	6
Resto de África	150	72	78

Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE.

3.- Apuntamentos metodolóxicos

En primeiro lugar, para poder afondar nas experiencias das mulleres subsaharianas en Galicia, se fixo necesario realizar unha contextualización socio- demográfica e espacial deste colectivo, co fin de deseñar posteriormente o desenvolvemento do traballo de campo. Así mesmo, rastreando os datos estatísticos do perfil socio- laboral se poderá detectar a diversidade de proxectos migratorios protagonizados polas mulleres subsaharianas (obxectivo 2). Levouse a cabo, polo tanto, unha explotación de datos secundarios da poboación subsahariana na nosa comunidade. Fundamentalmente explotáronse os últimos datos do Padrón Municipal, (de 2007), os Censos de Poboación e a Estatística de Variacións Residenciais, ambos rexistros procedentes do Instituto Nacional de Estatística. Empregáronse tamén os datos da Seguridade Social, e os datos referentes ós movementos migratorios do Instituto Galego de Estatística. A maiores, para facernos unha idea dos nichos laborais ocupados polas mulleres subsaharianas en Galicia fíxose uso dos datos recollidos polo Observatorio Ocupacional da Xunta de Galicia.

Por outra banda, para facer un achegamento á esfera do privado das mulleres inmigrantes subsaharianas, afondando nos cambios que supón a experiencia migratoria para estas mulleres e as estratexias tecidas por elas mesmas na súa integración na sociedade galega, (obxectivos 1 e 4), empregouse unha metodoloxía cualitativa. En concreto se levaron a cabo 9 entrevistas en profundidade a 5 mulleres senegalesas e a 4 mulleres nixerianas, tal e como se recolle nos cadros- resumo de abaixo. Optouse pola técnica das entrevistas en profundidade, por varios motivos: como lembran Gema Martín e Ana López, esta técnica posúe a vantaxe de que é a propia voz da entrevistada a que revela a súa experiencia¹⁰, reflectindo a cantidade de matices e variables que están detrás das diferentes experiencias migratorias; por outra banda, o feito de que o presente estudo pretenda afondar en certas temáticas controvertidas, (como os cambios na esfera do doméstico ou a análise dos estereotipos), fai necesaria a busca dunha especial confianza coa persoa entrevistada, para o cal resulta pertinente a técnica da entrevista en profundidade. Por outra banda, a escaseza de datos estatísticos sobre certos aspectos que afectan de xeito central ás mulleres inmigrantes subsaharianas, (como a inexistencia de

¹⁰ Martín Muñoz, Gema e López Sala, Ana (2003): *Mujeres musulmanas en España. El caso de la inmigración femenina marroquí*, Instituto de la Mujer, Madrid, p. 114..

datos sobre a venda ambulante ou a prostitución), requiren un deseño de investigación cunha importante parte de investigación cualitativa. Así mesmo, o baleiro de traballos de investigación previos sobre este colectivo en Galicia, require tamén un deseño de investigación flexible e aberto.

Preséntase a continuación o cadro- resumo co perfil das mulleres entrevistadas; co fin de manter o anonimato destas mulleres, só se fará referencia ás características recollidas neste cadro.

Cadro- resumo 1: Perfís das mulleres subsaharianas entrevistadas

Entrevistada	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9
Sexo	Muller	Muller	Muller	Muller	Muller	Muller	Muller	Muller	Muller
Idade	22	36	40	39	37	37	32	26	30
Nacionalidade	Senegalesa	Senegalesa	Senegalesa	Nixeriana	Senegalesa	Senegalesa	Nixeriana	Nixeriana	Nixeriana
Municipio de residencia	A Coruña	Vigo	A Coruña	A Coruña	Vigo	A Coruña	Vigo	Vigo	Vigo
Estado civil	Solteira	Casada	viúva	Solteira	Separada	Casada	Casada	Casada	Casada
Ano de chegada	2006	2002	1995	2006	2004	1995	2003	2005	1999
Situación xurídica	Permiso residencia e traballo	Permanente	Permiso residencia	Irregular	Residencia e traballo	Residencia	Residencia e traballo	Residencia e traballo	Residencia e traballo
Nivel de estudos	Secundarios	Licenciada	Sen estudos	Primarios	Primarios	Primarios	Secundarios	Secundarios	Secundarios
Número e idade fillos/as	Non	Non	Dúas, (22 e 18 anos).	Un (11 anos).	Unha (5 anos).	Catro (19, 17, 14 e 4 anos).	Non	Non	Non
Ocupación laboral	Perruqueira	Oficinista e vendedora ambulante	Venda ambulante	Buscando emprego	Limpa-pratos	Limpadora	Rexenta un negocio de perruquería	Buscando emprego. Anteriorment e exercía prostitución	Hostalería

As vías de contacto coas entrevistadas foron diversas. Tres delas se iniciaron a través de diferentes ONG's, (Equus Zebra en A Coruña e Alecrín en Vigo), outras tres entrevistas se realizaron sen contacto previo coa entrevistada nos seus lugares de traballo (dúas entrevistas e Mercadiños, e unha nun negocio de perruquería). As tres mulleres

entrevistadas restantes se contactaron a partires das anteriores entrevistas, usando o método de “bola de neve”. A continuación se recollen uns cadros que fan referencia ó lugar onde se realizaron as entrevistas e a duración das mesmas.

Cadro- resumo 2: Lugar de realización das entrevistas

Lugar	Nº entrevistas
Posto venda ambulante	3
Cafetería	3
ONG´s	2
Posto de traballo en perruquería	1
Total	9

A duración das entrevistas en profundidade variou dende a hora e media ata as dúas horas e media, tal e como se especifica no cadro- resumo de abaixo.

Cadro- resumo 3: Duración das entrevistas

Duración das entrevistas	Nº entrevistas
1 hora e media	4
2 horas	3
2 horas e media	2
Total	9

En canto ó tipo de rexistro, a maioría das entrevistas foron gravadas, mais nun caso, dado o desexo expreso da muller senegalesa entrevistada non foi posible a gravación, polo que se tomaron notas durante a entrevista, para a súa reconstrucción posterior.

Cadro- resumo 4: Tipo de rexistro empregado nas entrevistas

Tipo de rexistro	Nº entrevistas
Gravadora	8
Toma de notas e reconstrucción posterior	1
Total	8

A súa vez, se deu a posibilidade de manter reunións semanais, cunha informante clave, unha muller senegalesa que se dedica á venda ambulante e coa que se contactou facendo traballo de campo nunha feira ambulante. Esta informante foi de valiosa axuda para acceder a outras mulleres senegalesas.

A maiores destas entrevistas a mulleres inmigrantes, se realizaron 6 entrevistas a traballadoras de diferentes ONG's e sindicatos que atenden a mulleres africanas, o que nos foi de moita axuda para complementar a nosa información. Ademais serviunos de axuda para contactar con mulleres subsaharianas en eidos especialmente difíciles de acceder, como a prostitución. Para este caso, resultou de moita axuda o traballo de campo desenvolvido no CIMI, (Centro de Información á muller inmigrante), e no Centro de día de Alecrín en Vigo, onde se puideron realizar dúas entrevistas a dúas das súas traballadoras, así como se deu a posibilidade de asistir a unha charla sobre Infeccións de Transmisión sexual celebrada neste mesmo centro. Así mesmo, a colaboración de Médicos do Mundo tamén nos foi de utilidade para obter información acerca da situación das mulleres subsaharianas na prostitución na provincia de A Coruña. Tamén se realizaron entrevistas con ONG's que traballan na atención primaria para o conxunto de inmigrantes subsaharianos/as. Así, se entrevistou a unha traballadora da ONG coruñesa “Equus Zebra” (cuxo colectivo maioritario é o senegalés), e ó coordinador da ONG Eco- Desarrollo Gaia en A Coruña, (cuxo colectivo maioritario é tamén o senegalés). Para rematar, se fixo unha entrevista conxunta a dúas traballadoras do Centro de Información para traballadores/as estranxeiros/as, CITE, do sindicato Comisións Obreiras, en Vigo. Todas estas entrevistas foron gravadas.

Todo o traballo de campo se realizou entre os meses de novembro de 2007 e maio de 2008, contando sempre cunha actitude moi colaboradora por parte das persoas entrevistadas. Como pode observarse, todo o traballo de campo foi realizado nas provincias de A Coruña e Pontevedra, debido a que as mulleres senegalesas e nixerianas, concéntranse nunha porcentaxe do 85%¹¹ nestas dúas provincias.

Por último, para levar a cabo a análise de estereotipos respecto ás mulleres subsaharianas, (obxectivo 3), se acudiu tanto ás entrevistas en profundidade como á análise de prensa, a cal se realizou durante dous meses, o de febreiro e marzo de 2008. Elixíronse estes dous meses debido a que me pareceu interesante recoller a campaña electoral dende os seus inicios e a celebración das Eleccións Xerais do 9 de marzo, xa que neste período o tema da inmigración entrou con forza no debate político, o que se poderá aproveitar para afondar en como se constrúe o discurso da inmigración, e que espazo ocupan as mulleres subsaharianas nel. A análise levada a cabo foi fundamentalmente cualitativa e textual, aínda que tamén se afondou na representación en imaxes das mulleres inmigrantes, un eido que serviu para analizar os estereotipos de xénero vinculados á inmigración. Os xornais escollidos foron “La Voz de Galicia”, (o de maior tirada en Galicia), e “El País”, (o de maior tirada en España). Co fin de poder comparar a visión da prensa autóctona e da prensa destinada ós/ás inmigrantes, incluíse tamén o xornal de difusión gratuíta e destinada a inmigrantes “Latinoamérica exterior”.

¹¹ Fonte: Padrón Municipal de Habitantes 2007, INE.

4.- MATIZACIÓNS EN TORNO Ó CONCEPTO DE “MULLERES INMIGRANTES”

To survive the Borderlands
you must live *sin fronteras*
be a crossroads.

Gloria Anzaldúa¹²

Neste apartado analizaremos as implicacións de realizar unha investigación que tenta achegarse á realidade das mulleres inmigrantes subsaharianas que viven en Galicia. Estas protagonistas, como o conxunto das mulleres inmigrantes, requiren unha serie de matizacións teóricas, como consecuencia da advertencia vertida por Dolores Juliano¹³ acerca do problema epistemolóxico derivado das dificultades dalgunhas perspectivas teóricas para explicar a realidade das mulleres a medida que a distancia social e cultural se amplía entre as que xeran o discurso reivindicativo e as súas destinatarias. A desconexión se fai maior cando se analizan os problemas (económicos, sociais e reivindicativos) das mulleres do Terceiro Mundo e das inmigrantes desta orixe entre nós. A proposta de Dolores Juliano para superar estes obstáculos epistemolóxicos, que aquí subscribo, pasa por unha recuperación dos aportes da epistemoloxía feminista, e unha revisión dos conceptos de dinámica social, que sitúa ós sectores discriminados (e entre eles principalmente ó formado polas mulleres) como axentes de cambio social, capaces de xerar e xestionar propostas alternativas. Axentes de cambio social dende unha dobre perspectiva, nas súas sociedades de orixe, e axentes de cambio na sociedade de acollida, onde se volta a producir a través doutra serie de mecanismos, (como os estereotipos), unha nova invisibilización das súas accións no ámbito público. En definitiva, se queremos entender a dinámica e a diversidade cultural, debemos entón asignar un lugar central á redefinición do papel que xogou a muller na nosa propia cultura a través da historia e tamén revisar a visión que temos sobre as mulleres que forman parte doutras tradicións culturais¹⁴, cuestionando a etiqueta de “subalternas”, de “outras”.

¹² Anzaldúa, Gloria (1987): *Borderlands, la frontera: The new mestiza*, Aunt lute books, San Francisco, p. 195. [Para sobrevivir na Fronteira/ debes vivir sen fronteiras/ser unha encrucillada], [traducción propia].

¹³ Juliano, Dolores (1998): *Las que saben. Subculturas de mujeres*, horas y Horas, Madrid, p. 9.

¹⁴ *Ibíd*em, p. 7.

Faise necesario recalcar que a miña ollada se aparta dun prisma etnocéntrico dende o que se colocarían ás mulleres españolas, (ou europeas), nunha situación de logro de dereitos, democracia e modernización fronte “ás mulleres do Terceiro Mundo”¹⁵. As palabras de Dolores Juliano resultan clarificadoras:

“Se identificamos cultura europea e liberación da muller estamos cometendo un dobre erro. Conceptual, pois esto non se corresponde cunha interpretación desprexuízada dos feitos, e política, pois dificultamos o logro das reivindicacións femininas en tódolos ámbitos culturais (como o islámico) en que Occidente é visto con xustificado recelo”¹⁶.

“A consecuencia é asignar á muller das outras culturas, dunha forma global e indiscriminada, unha situación tanto peor canto máis atrasada consideremos que é a cultura da cal forma parte. Mais as nocións mesmas de atraso e progreso, son construcións etnocéntricas e por outra parte o estatus feminino non se correlaciona positivamente co adianto tecnolóxico de maneira automática, de forma que do segundo poidamos derivar o primeiro, senón que depende de organizacións sociais e familiares e de correlacións demográficas que configuran cadros de gran complexidade”¹⁷.

“Ó identificar abusivamente occidentalización con liberación da muller, as poñen en situación de apoiar unha ou outra opción cultural como un todo, perdendo os logros e as negociacións que tiñan entabladas no seno das súas propias culturas”¹⁸.

Lonxe deste tipo de reduccionismos, a miña perspectiva ten en conta que o acceso ós dereitos e ó espazo público, aínda posúe, dende unha perspectiva de xénero, luces e sombras para a ampla maioría de mulleres, tanto se falamos das mulleres autóctonas, como das inmigrantes, sobre todo se temos en conta que non existen categorías homoxéneas nin dunhas nin doutras. Interéranos por tanto, resaltar dende os propios

¹⁵ Agrela Romero, Belén (2004): “La acción social y las mujeres inmigrantes: ¿Hacia unos modelos de intervención?”, *Portularia*, N° 4, pp. 31-42, p. 39.

¹⁶ Juliano, Dolores (1998): *Las que saben. Subculturas de mujeres, horas y Horas*, Madrid, p. 72, [traducción propia].

¹⁷ *Ibíd*em, p. 7-8, [traducción propia].

¹⁸ *Ibíd*em, p. 71, [traducción propia].

discursos das mulleres entrevistadas, tanto os aspectos positivos da súa experiencia migratoria, como os negativos, evitando caer nunha “problematización” do tema a investigar, que só atendera ás dificultades que posúen as mulleres inmigrantes.

Polo tanto, o noso campo de análise nos esixe un esforzo por comprender as implicacións recíprocas existentes entre a diversidade de situacións persoais e sociais que viven as mulleres inmigrantes. Neste senso, falar de mulleres inmigrantes, sen caer en reduccionismos homoxeneizantes, require partir da conciencia de que as culturas, os modelos ou marcos de referencia persoais non son homoxéneos cando falamos de mulleres, de mulleres inmigradas, de mulleres marroquinas, arxentinas, galegas, colombianas, etc. Deste modo, hai que ter presente que detrás do noso uso do termo “mulleres inmigrantes”, de “mulleres subsaharianas”, “mulleres senegalesas”, ..., existe unha ampla heteroxeneidade de experiencias vitais, de culturas, de procesos migratorios, que son cambiantes en si mesmas e en relación a outras¹⁹. A heteroxeneidade deste colectivo se plasma, por tanto, na diversidade en canto a súa orixe, estado civil, patróns culturais, etnia, cor de pel, causas da inmigración, expectativas futuras, etc.

Así, neste estudo, se fuxirá dunha categoría unitaria de “muller”, ou de “muller inmigrante”, ou de “muller subsahariana”, debido a que o eixe que percorre a nosa investigación lle prestará unha especial atención á interrelación entre as variables do xénero, a etnia e a clase e a súa incidencia na experiencia migratoria. Ó falar das conexións destas tres categorías non podemos esquecer que a súa visibilización se debe, como sinalan Anthias e Yuval-Davis²⁰, en gran parte, ó impacto dos movementos de mulleres negras e outros movementos minoritarios, e tamén á contribución dos movementos de mulleres do Terceiro Mundo. Grazas a todos eles, percibimos agora a esfera do feminino como unha categoría internamente fragmentada pola clase, a raza²¹ e as características étnicas e a idade²², esquema que nos servirá de marco para achegarnos

¹⁹ Bermúdez, Kira e Kaplan, Adriana (2004): “Mujeres, diversidad y diálogo: de caminos y fronteras”, *Asparkía, investigación feminista*, N° 15, pp. 27- 41.

²⁰ Anthias, Floya e Yuval-Davis, Nira (2002): “Raza y género” en Terrén, Eduardo, (ed): *Razas en conflicto. Perspectivas sociológicas*, Anthropos, Barcelona, pp. 250- 262.

²¹ Seguindo a outras autoras, empregaremos indistintamente os conceptos de “raza”, (vinculado á identidade cultural e non á connotación biolóxica da “raza”) e “etnicidade”, sendo fieis ós conceptos empregados polas feministas de “cor”. Ver: Parella Rubio, Sònia (2003): *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*, Anthropos, Barcelona, p. 60.

²² *Ibíd*em, p. 62.

ó noso obxecto de estudio. Estes movementos de mulleres no Terceiro Mundo, por tanto, se converteron en axentes históricos de transformación social dun modo evidente e puxeron sobre a mesa a necesidade de ampliar a identidade de xénero, coas de etnia, relixión e clase. Nesta tarefa, tamén as minorías étnicas dos países occidentais realizaron un papel importante ó acusar de “brancura” ó feminismo como movemento. Dende o punto de vista histórico, hai que lembrar que nos anos 70, o Movemento de Liberación da Muller no mundo occidental, con tódolos seus avances nos dereitos das mulleres, non incluíu en pé de igualdade ós movementos de mulleres dos países en vías de desenvolvemento ou ás propias minorías étnicas dos países occidentais. Dita marxinalidade xerou críticas cara o feminismo occidental, por parte das mulleres colonizadas ou das non brancas, que cuestionaban o enfoque tan eurocéntrico das dinámicas do MLM occidental. Estas voces alternativas mostraron que non é posible falar dunha “única” experiencia feminina que correspondía coa experiencia da muller branca euro- norteamericana²³.

En síntese, do que se trata é de conservar a noción universal de xénero, evitando caer no erro de empregar unha categoría xenérica para reflectir os problemas de só un grupo de mulleres, (as brancas²⁴, occidentais e heterosexuais), e sendo tamén capaces de incorporar a diferenza e a pluralidade de experiencias e de reivindicacións²⁵. Deste xeito, a presente análise terá que involucrarse nun espazo social altamente complexo, que só é posible entender en termos relacionais, un espazo no que se producen interseccións de poder e resistencias, que só pode ser comprendido cuestionando o centro, o eixe central que ata o de agora sostiña a simultaneidade aditiva das opresións²⁶. Coincido neste punto o exposto por Lena Dominelli e Eileen MacLeod respecto a este asunto:

²³ Para afondar nestas críticas ó feminismo occidental, ver o capítulo de Nash, Mary (2004): “Trayectorias anticoloniales, postcoloniales y antirracistas. El rechazo de la subalternidad” en *Mujeres en el mundo: historia, retos y movimientos*, Alianza Ensayo, Madrid, pp. 231- 295.

²⁴ Para afondar nas críticas ó feminismo “branco” e “heterosexual”: Lena, Dominelli e McLeod, Eileen: (1999) *Trabajo social feminista*, Cátedra, Madrid. “As mulleres negras ...reprocharon ás súas irmás brancas o ter caído na trampa do racismo por non terse feito cargo de que a irmandade de mulleres abarca por igual os intereses de brancas e de negras”, p. 20, [traducción propia].

²⁵ Parella, Sònia (2003): *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*, Anthropos, Barcelona, p. 66.

²⁶ Rodríguez Martínez, Pilar (2001): “Feminismos y postmodernidades en la fortaleza europea”, en Birriel, Margarita Mª y Rodríguez, Pilar (eds): *Mujeres y fortaleza europea*, Universidad de Granada, Granada, pp. 181-201, p. 194.

“Ademais, dende o noso punto de vista, buscar unha única causa é unha maneira inadecuada de concibir o problema da opresión. Tantas son as formas de opresión existentes, tódalas cales están interconectadas e interactúan entre si que nunca estaremos seguros de ter atopado todas e non podemos esperar que un factor illado explique a súa diversidade, (...); a nosa involucración con outras mulleres revelounos que, a pesares de compartir a condición de oprimidas en función do xénero, as nosas experiencias da opresión son moi distintas. As experiencias das mulleres brancas difiren da das negras; as das mulleres de clase obreira das de clase media; as das lesbianas, da das heterosexuais; as das mulleres novas, das das maiores e as das mulleres fisicamente normais, das das minusválidas. É preciso ter en conta estas diferencias dun xeito que non traizoen a importancia das experiencias tal e como as viven realmente quen as padecen, e que ó mesmo tempo non polarice ás propias mulleres nun enfrontamento dualista”²⁷.

Esta óptica de preservar a importancia das experiencias tal e como as viven realmente as mulleres que a padecen foi un dos motivos que me levou a empregar unha metodoloxía cualitativa, a través de entrevistas en profundidade, co fin de recoller as experiencias das mulleres senegalesas e nixerianas dende as súas propias coordenadas. Afondarase neste eido no apartado metodolóxico.

Quero rematar este punto cunha cita da poeta Audre Lorde, unha muller negra, feminista e lesbiana, que sintetiza dun xeito maxistral, neste poema “Who said it was simple”, as contradicións que reflexaba naquel momento, (a mediados dos anos 70), o movemento feminista respecto ás conexións das opresións de xénero, raza e heterosexismo.

“There are so many roots to the tree of anger
that sometimes the branches shatter
before they bear.

²⁷ pp. 25-26- 27.

Sitting in Nedicks
the women rally before they march
discussing the problematic girls
they hire to make them free.
An almost white counterman passes
a waiting brother to serve them first
and the ladies neither notice nor reject
the slighter pleasures of their slavery.
But I who am bound by my mirror

as well as my bed
see causes in color
as well as sex
and sit here wondering
which me will survive
all these liberations”.


Audre Lorde²⁸

²⁸ Lorde, Audre: “Who said it was simple”, *The Collected Poems of Audre Lorde*, Norton, Nueva York, 1992, p. 92, [“Quen dixo que fora simple”: Ten tantas raíces a árbore da raiba/ que ás veces as ramas se quebran/ antes de dar froitos./ Sentadas en Nedicks/as mulleres se reúnen antes de manifestarse/ falando das problemáticas rapazas/ que contratan para quedar libres. Un empregado case branco posterga/ a un irmán que espera para atendelas primeiro/ e as damas non advirten nin rexeitan/ os praceres máis sutís da súa escravitude/ Pero eu que estou/ limitada polo meu espello/ademáis de pola miña cama/vexo causas na cor/ ademáis de no sexo/ e me sento aquí preguntándome/ cal dos meus eu sobrevivirá/ a todas estas liberacións], [traducción propia].

5.- Breve contextualización acerca das mulleres inmigrantes en Galicia: a minoría das mulleres subsaharianas

A pesares de que o noso eido de estudo se circunscribe ás mulleres subsaharianas, se fai necesario facer un achegamento a certos datos xerais sobre as mulleres inmigrantes que viven en Galicia, para ter unha visión de cales son as nacionalidades maioritarias e poder contextualizar a inmigración das mulleres africanas na comunidade galega. Como se sinalou na Introdución, as mulleres africanas en Galicia non son moitas se as comparamos, por exemplo, coas mulleres latinoamericanas; esta é a procedencia maioritaria das mulleres inmigrantes en Galicia.

Gráfico 1. Porcentaxe de mulleres inmigrantes en Galicia, por continente de orixe.



Fonte: elaboración propia a partires do Padrón Municipal, 2007, INE.


En concreto, como se observa no Gráfico1, o 62% das mulleres estranxeiras en Galicia proceden do continente latinoamericano, (onde destacan as brasileiras e as colombianas); en segundo lugar se atopan as mulleres estranxeiras procedentes de Europa (destacan as procedentes de Portugal, dada a veciñanza xeográfica), cun 31%; e en terceiro lugar, co 5% xa se atopan as mulleres africanas, as protagonistas do presente estudo.

Táboa 2. Distribución das mulleres estranxeiras segundo continente de orixe.

	Mulleres	% Mulleres
EUROPA	12919	31
AFRICA	2220	5
AMERICA	25727	62
ASIA	901	2
OCEANÍA	39	0
Total	41810	100

Fonte: elaboración propia a partires do Padrón Municipal, 2007, INE.


Gráfico 2: Porcentaxe de mulleres estranxeiras segundo Continente de orixe



Fonte: elaboración propia a partires do Padrón Municipal, 2007, INE.

De xeito paralelo, estes datos se equiparan coa distribución por continentes da inmigración masculina en Galicia, aínda que con certos matices. Tamén na nosa comunidade, a inmigración latinoamericana é a maioritaria (o que se explica, en parte, pola vinculación á emigración de antano a América, é dicir, o caso dos/as retornados/as e os descendentes destes/as); estando en segundo lugar a procedente de Europa, e logo a africana. Mais, hai que puntualizar que a composición por sexo das diferentes procedencias por continente varían de xeito importante, o que supón xa unha información relevante dende unha perspectiva de xénero.

Gráfico 3. Distribución da inmigración en Galicia, por sexo e continente de orixe.



Fonte: Padrón Municipal, 2007, INE.

Por exemplo, a inmigración latinoamericana, como queda patente no gráfico 2 e na táboa 3, é a máis feminizada, concretamente o 61% dos/as migrantes latinoamericanos/as son mulleres, mentres que o fluxo máis masculinizado é o procedente de África, só un 30,3% das persoas procedentes deste continente son mulleres.

Táboa 3. Distribución por sexo da inmigración en Galicia, segundo continente de procedencia, porcentaxes horizontais.

	Total	Mulleres	% Mulleres respecto ó total
Total	81442	41810	51, 3
EUROPA	29846	12919	43, 3
AFRICA	7316	2220	30, 3
AMERICA	42117	25727	61, 1
ASIA	2060	901	43, 7
OCEANIA	78	39	50

Fonte: Padrón Municipal, 2007, INE.

Esta diferenza na composición por sexo en función do continente responde a unha

diversidade de causas nas que se entremesturan moitas variables, tanto a un nivel macro como micro: a segregación do mercado laboral segundo xénero, pero tamén segundo procedencia; as diferentes políticas migratorias levadas a cabo polos Gobernos de España en función das nacionalidades; ou as diferencias xa a un nivel micro nas estratexias familiares que caracteriza a cada fluxo nacional. Falarase aquí brevemente dalgunhas destas causas, xa que axudan a comprender o mapa da inmigración feminina en Galicia, visibilizando tamén as discriminacións que se van tecendo ó longo de todo o proceso migratorio das mulleres, e que ás veces afectan de xeito diferente dependendo da nacionalidade, a etnia, a relixión ou a clase social das mulleres.

Por unha parte, o papel do mercado laboral é fundamental para explicar o feito de que as mulleres latinoamericanas sexan maioría, (tanto en Galicia como en España), xa que son as máis demandadas en nichos laborais como o servizo doméstico, os servizos persoais e a hostalería, as ocupacións onde se concentran as mulleres estranxeiras. Este dato xa nos da unha idea da vulnerabilidade da que son protagonistas as inmigrantes no mercado laboral, xa que nun mercado laboral que outorga dereitos en función da contribución respondendo claramente ó xa citado modelo de “gaña- pan”, as mulleres quedan excluídas de moitos dereitos como consecuencia do seu acceso a traballos desregularizados, privatizados e feminizados, no caso de que se consideren traballo

Dito esto para o conxunto das mulleres inmigrantes en Galicia, o certo é que ata na máxima precariedade hai niveles. Así, no nicho laboral onde se da unha maior presenza de mulleres inmigrantes, (o servizo doméstico), existe unha discriminación moi forte cara as mulleres africanas. Dita segregación opera por nacionalidade, unida a outras variables que se cruzan con ela, como a etnicidade, a lingua ou incluso a relixión: o feito de ser negra, de nacionalidade africana, e procedente dun país non católico dificulta moito a entrada neste nicho do servizo doméstico. Dado o racismo imperante na sociedade galega e española, prefírese contratar para esta ocupación, a mulleres latinoamericanas, a poder ser de relixión católica e de lingua materna española, sobre as que recaen unha serie de estereotipos atribuídos a súa personalidade (“ser cariñosa”, a “paciencia” ou a “docilidade”)²⁹. Noutras Comunidades Autónomas se teñen constatado

²⁹ Brullet, Cristina e Parella, Sònia (2005): “La conciliación de la vida familiar y laboral de las madres latinoamericanas. Un primera exploración del caso de Barcelona”, en Solé, Carlota e Flaquer, Lluís: *El*

tamén procesos semellantes: por exemplo, no servizo doméstico en Granada, a pesares de que é un nicho no que están comezando a traballar as mulleres marroquinas, para as senegalesas segue a ser unha ocupación cun acceso case imposible³⁰.

Por outra banda, tamén foi estudado o papel xogado pola Administración española na preferencia de determinadas nacionalidades no deseño dos continxentes das traballadoras estranxeiras. As latinoamericanas tamén foron predilectas para ocupar este nicho laboral dende as políticas gobernamentais. Como recolle Laura Oso no seu estudo sobre as mulleres inmigrantes xefas de fogar, a Administración española nos anos 1993 e 1995 consolida, mediante a política de continxentes, a inmigración feminina latinoamericana³¹. Nesta liña, a política de cupos supuxo a aceptación, a nivel político, da necesidade do emprego inmigrante para o mantemento dalgúns sectores da economía española³², sobre todo do servizo doméstico (cun protagonismo feminino), e a agricultura, (cunha presenza maioritaria de varóns).

A mestura destas diferentes variables que fan este cóctel de vulnerabilidades para as mulleres inmigrantes, o explica dun xeito clarificador Sònia Parella:

“Como inmigrantes procedentes de países pobres –de clase traballadora- no só se enfrontan ás barreiras xurídicas dunha política migratoria que discrimina de forma directa en canto á condición de estranxeiro non comunitario e indirecta en canto ó xénero; senón ós prexuízos e estereotipos dunha sociedade receptora que as sitúa en nichos laborais moi concretos; a saber, o servizo doméstico, a prostitución e aquelas actividades do sector servizos pouco cualificadas (limpeza, hostalería, comercio, etc.), xustamente por isto feminizadas. Un cóctel explosivo que actúa de forma simultánea e non sucesiva, e que sitúa a estas mulleres nunha posición de “vulnerabilidade social” en relación ó resto de colectivos; a saber, nos estratos máis baixos da estrutura ocupacional, naquelas actividades remuneradas máis emblemáticas da discriminación por razón de

uso de las políticas sociales por las mujeres inmigrantes, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 255- 298, p. 264

³⁰Roquero, Esperanza e Rodríguez, Pilar (1995): Instituto de la Mujer, (1996): *La diversidad de las mujeres migrantes: caso de la ciudad de Granada*, Ministerio de Asuntos Sociales- Instituto de la Mujer, Madrid.

³¹ Oso Laura (1998): *La migración hacia España de mujeres jefas de hogar*, Instituto de la Mujer, Madrid, p. 129.

³² *Ibíd*em, p. 119.

xénero –xustamente por esto rexeitadas pola maioría de mulleres autóctonas- e cuxa demanda crece sen cesar”³³.

Polo tanto, en relación ó complexo funcionamento do mercado laboral no que se inxiren as mulleres inmigrantes, se pode concluír que sendo o patriarcado o que orixina as desigualdades de xénero, posteriormente o capitalismo as emprega en beneficio propio, reproduce, e agrava, como no caso que nos ocupa, o da precariedade e flexibilidade laboral sufridas polas traballadoras inmigrantes.

Ademais do mercado laboral, a lei de estranxeiría, asigna un papel moi concreto ás mulleres inmigrantes. A formulación da reagrupación familiar constitúe un caso claro de discriminación indirecta de xénero. Así, aínda que na redacción da lei se emprega o termo “neutral” o/a cónxuxe, a súa aplicación afecta maioritariamente a mulleres, que se ven afectadas polas restriccións que marca, por exemplo no eido laboral, a norma da reagrupación. Falarase detalladamente da reagrupación familiar no seguinte apartado, ó tratar as especificidades das mulleres senegalesas, xa que estas se ven moi afectadas por esta norma, debido a que a maioría delas veñen a Galicia baixo este status.

Concluindo, despois deste repaso por algúns datos socio- demográficos e socio- laborais do conxunto das mulleres inmigrantes en Galicia, xa temos un marco onde situar ás mulleres subsaharianas, protagonistas deste traballo. Segundo os datos presentados, estas mulleres son minoría dende varias perspectivas: o fluxo africano é minoritario en Galicia, e dentro deste fluxo, as mulleres tamén son minoría; pero, como xa se comentou arriba, isto non significa que o seu estudo careza de interese, nin que todas elas posúan traxectorias migratorias semellantes. De feito, o primeiro matiz que hai que facer é con respecto ás mulleres nixerianas: esta é a única nacionalidade africana na que as mulleres superan con creces en número ós seus compatriotas; como se recollía na táboa 1, o número de nixerianas ascende a 230, mentres que os nixerianos quedan en 155; é dicir, case o 60% das persoas nixerianas residentes en Galicia son mulleres. A través do traballo de campo, e segundo a información recollida en diferentes centros de atención a mulleres inmigrantes, parece que a elevada presenza das mulleres de Nixeria

³³Parella, Sònia (2005): “Segregación laboral y “vulnerabilidad social” de la mujer inmigrante a partir de la interacción entre clase social, género y etnia”, en Solé, Carlota e Flaquer, Lluís: *El uso de las políticas sociales por las mujeres inmigrantes*, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 95- 136, p. 129, [traducción propia].

na prostitución explica en boa parte estas cifras. De novo, outra actividade estigmatizada ó máximo, e que se atopa, a súa vez, segregada internamente; as mulleres nixerianas, polo xeral, se atopan na prostitución de rúa. Volveremos sobre este eido no apartado 7.2.

6.- A ESPECIFICADE DAS MULLERES SENEGALESAS

6.1.- Os proxectos migratorios diversos das mulleres senegalesas

O colectivo senegalés en Galicia mostra unha forte masculinización na nosa comunidade, tal e como se reflexa nas táboas 4 e 5.

Táboa 4. Distribución provincial da poboación senegalesa en Galicia, 2007.

	Varóns	Mulleres	Total	% Provincial
Galicia	1009	106	1115	100 %
A Coruña	503	41	544	48,8 %
Pontevedra	432	57	489	43,8 %
Ourense	64	8	72	6,5 %
Lugo	10	0	10	0,9 %

Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE.

Este grao de masculinización se da en tódalas cohortes de idade, sendo a diferenza maior naquelas idades nas que se concentran os varóns senegaleses, sobre todo nas idades activas, nas cohortes que van dos 25 ós 39 anos. Pola contra, a menor diferenza entre o volume de senegaleses/as por idade se da no tramo dos 0- 14 anos: son as fillas dos/as inmigrantes máis asentados na nosa comunidade.

Táboa 5. Distribución por idades e sexo da poboación senegalesa, 2007.

Idades	0-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55 e máis	Total
Total	54	41	100	186	228	172	152	100	54	28	1115
Varóns	28	39	91	169	209	154	142	94	52	25	1009
Mulleres	20	2	9	17	19	18	10	6	2	3	106

Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE.

Xa diferentes autoras buscaron as razóns do porqué deste maior volume de varóns senegaleses na emigración. Adriana Kaplan³⁴, referíndose á inmigración senegambiana en Cataluña, busca a causa no feito de que o rol de emigrar, na sociedade de orixe, correspondeu tradicionalmente ó home. Outra estudosa do colectivo senegalés, Liliana Suárez³⁵, subliña que, aínda que cada vez hai máis mulleres que emigran, o feito de que esta migración sexa fundamentalmente masculina ten a súa explicación nas formas culturais que estruturan a familia. No seu caso, afonda no casamento para argumentar como o feito de que se precise dote para a celebración do matrimonio e diñeiro para manter á nova familia, fai que moitos xoves senegaleses vexan na emigración a forma máis rápida de conseguir este obxectivo, tanto para o individuo como para a familia, que será beneficiada xa non só con parte das remesas, senón coa adición doutra muller que traballa ó beneficio de toda a unidade doméstica, xa que os fogares en Senegal se estruturan de xeito patrilocal³⁶.

Táboa 6. Porcentaxe de mulleres na inmigración senegalesa en Galicia

	Varóns	Mulleres	% Mulleres
Galicia	1009	106	9,5%
A Coruña	503	41	7,5%
Pontevedra	432	57	11,7%
Ourense	64	8	11,1%
Lugo	10	0	0%

Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE.

Como xa se sinalou no apartado dedicado á contextualización das mulleres inmigrantes en Galicia, o feito de que as mulleres africanas sexan minoría dentro dos seus colectivos, neste caso, o colectivo senegalés, non significa que a situación destas mulleres sexa homoxénea, siga un mesmo patrón. Ser minoría non debe ir parello a unha invisibilización da diversidade. Polo tanto, hai que subliñar que se distinguen entre as mulleres senegalesas, dous perfís claramente marcados e cunhas características de

³⁴ Kaplan, Adriana (1998): *De Senegambia a Cataluña: procesos de aculturación e integración social*, Fundación “la Caixa”, Barcelona.

³⁵ Suárez, Liliana (1998): “Los procesos migratorios como procesos globales: El caso del transnacionalismo senegalés”, *Ofrim/ Suplementos*, Nº 3, pp. 39- 63, p. 44.

³⁶ Kaplan, Adriana (1998): *De Senegambia a Cataluña: procesos de aculturación e integración social*, Fundación “la Caixa”, Barcelona, p. 45.

entrada no país e status legal e laboral ben diferentes. Por unha banda, aquelas mulleres que veñen como reagrupadas polo seu marido, (entre as cales tamén distinguiremos diferentes situacións); e, en segundo termo, aquelas mulleres senegalesas que emigran dun xeito autónomo, e veñen a Galicia a buscar un traballo que lles permita mellorar e enviar diñeiro a Senegal. Non se desexa facer aquí unha distinción categórica entre unha migración feminina económica e outra “familiar”, xa que en realidade seguindo a Ester Massó³⁷, entendemos a idea da “estratexia económica” nun senso máis amplo, xa que “o económico” non implica simplemente a “oportunidade laboral” ó uso. Deste xeito Massó considera tamén económico o posible papel reprodutor, en senso amplo, que poida asumir a muller cando decide migrar para reunirse coa súa familia ou o seu marido, por exemplo.

Feita esta matización, si é certo que estes dous xeitos de entrar en Galicia marcará unha serie de características e de dificultades diferentes, das que se falará a continuación. Hai que subliñar que polo de agora son maioría as senegalesas que entran como “reagrupadas” polos seus maridos, e que se dedican ás tarefas reprodutivas e, cando xa os fillos/as son un pouco maiores, moitas entran no mercado laboral (formal e informal), como camareiras, dependentas, limpadoras, etc. Por outra banda, son recentes as mulleres que inician o seu percorrido migratorio dun xeito autónomo. A pesar de que non existen datos estatísticos sobre a reagrupación familiar, o cal impide facer unha análise numérica acertada do fenómeno, e resulta unha traba para os estudos migratorios dende unha perspectiva de xénero, os diferentes sindicatos e ONG’s que traballan co colectivo senegalés, concordan coa maior concentración de mulleres que entran no país como reagrupadas.

Das mulleres entrevistadas, houbo unha representación destes diferentes perfís: mulleres traballadoras, (solteiras ou casadas), que iniciaron o seu proxecto migratorio de xeito individual e autónomo; e mulleres senegalesas reagrupadas polos seus maridos, que maioritariamente se dedican ás tarefas reprodutivas no seu fogar (traballo doméstico e coidado dos/as fillos/as e marido), xunto co desenvolvemento en moitos casos, dalgún traballo como limpadora, camareira, dependenta, etc. Moitas delas, suman tamén o traballo de facer trenzas en praias nos dous meses fortes de verán, unha ocupación que

³⁷ Massó, Ester (2004): “Inmigración senegalesa en Granada. Capital social, asimilación y resistencia culturales, economía informal” en *Gazeta de Antropología*, Nº 20, texto 20- 23.

case tódalas mulleres senegalesas coas que falamos sinalan realizar. Polo tanto, ser reagrupada familiar, non significa non traballar no mercado laboral, a pesares da negación que supón a Lei de estranxeiría neste senso. Merece a pena dedicarlle unhas palabras á norma que lexisla o procedemento da reagrupación familiar, xa que afecta especificamente ás protagonistas do estudo. A actual Lei, a L.O 4/2000, reformada pola L.O 8/2000, no artigo 18 di o seguinte:

“Os estranxeiros que desexen exercer este dereito deberán solicitar unha autorización de residencia por reagrupación familiar a favor dos membros da súa familia que desexen reagrupar. Ó mesmo tempo, deberán aportar a proba de que dispoñen dun aloxamento adecuado e dos medios de subsistencia suficientes para atender as necesidades da súa familia unha vez reagrupada”.

Varios son os comentarios que xorden ó ler a redacción deste artigo. Para comezar, as persoas reagrupadas, (que, como sinala Ruth Mestre³⁸ no caso español seguen a ser maioritariamente mulleres), acceden unicamente ó permiso de residencia, sen poder compatibilizalo, en principio, cun permiso de traballo. Segundo dita lei, o/a cónxuxe reagrupado/a só pode obter un permiso de residencia independente cando obteña un permiso de traballo, e mentres tanto a persoa que se reagrupa lle é moi difícil traballar, ó menos legalmente. Debido a que traballar tendo un permiso de residencia en vigor que non veña aparellado dun permiso de traballo pode ser obxecto de sanción e multa, coa perda do permiso e motivo suficiente para iniciar un trámite de expulsión, os riscos que corren estas mulleres se deciden traballar, son elevados. Resulta dunha gravidade manifesta que na actualidade certas mulleres que decidan traballar no Estado Español, e debido o tipo de permiso que posúen, poidan ser sancionadas polo mero feito de traballar no mercado laboral.

En segundo lugar, o feito de que a lei recolla a necesidade de demostrar ter os medios

³⁸ “Si tenemos en cuenta únicamente la redacción de las normas que regulan el ejercicio del derecho a la reagrupación familiar, no podemos decir que se trate de una norma discriminatoria o dirigida expresamente a las mujeres. Ahora bien, si miramos a quién afecta mayoritariamente mujeres- y quién era el sujeto para el que se elaboró la norma mujeres- podemos sospechar a quien se ofrece este permiso de estancia”, en Mestre, Ruth (1999): “Vínculo social y trabajo hoy (o porqué las inmigrantes no trabajan)”, *Cuadernos Electrónicos de Filosofía del Derecho*, N° 2.

suficientes para atender ós/ás familiares reagrupados/as, se traduce na práctica, como tamén continúa Mestre, nun comentario: “depende de”. En definitiva, esta lei insta legalmente suxeicións, xerarquías e ámbitos de poder delimitados no seno da familia. É moi grave que o dereito posúa este sesgo “familista”, xa que hai que ter en conta que o dereito é normativo, que fala do que debe ser, dun “estado ideal das cousas”, e nos deixa entrever o modelo de familia que o lexislador ten en mente ó redactar a lei.

Mais, as mulleres senegalesas, a pesares destas barreiras legais e laborais non se axustan a estes estreitos clichés, xa que moitas mulleres, aínda que o lexislador non o previu, tamén queren traballar e enviar diñeiro ós países de orixe, ós/ás familiares que quedan en Senegal. De feito, as propias entrevistadas son conscientes de que a sociedade autóctona tende a asimilalas en conxunto como as mulleres dos africanos inmigrantes, un estereotipo que esta entrevistada senegalesa desminte de seguido.

“No por estar aquí, tienen que estar en casa, casa, ..., no, están en casa, pero trabajan también, si no pueden es que tienen un bebé pequeño, sino trabajan, , limpiando, comercios, cocina, pastelería, lo que sea, si no puedes trabajar es porque tienes un bebé pequeño o algo, el resto trabaja, porque mandan dinero también a sus familias, a su país a África” (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

Polo tanto, dentro das mulleres senegalesas que veñen como reagrupadas familiares, se poden diferenciar distintas situacións: aquelas que se dedican en exclusiva ó traballo doméstico no fogar, e as que complementan este traballo coa venda ambulante en verán.

En canto ás senegalesas protagonistas dunha migración autónoma, atopamos nelas unhas características específicas. Moitas delas tiñan un contacto en Galicia, como no caso dos varóns senegaleses, contacto que pode ser un familiar próximo (un tío, un cuñado, ...), ou simplemente un/ha coñecido/a que reside en Galicia. Como no caso dos varóns senegaleses, este primeiro contacto será vital para a primeira acollida da migrante e para a busca dos primeiros traballos.

Aínda que son escasas, algunhas delas se dedican á venda ambulante durante todo o ano, e tamén algunhas deron o salto a traballos no sector da limpeza ou no sector

servizos, en empregos como dependenta, camareira, ou perruqueira. Mais, como se ve na táboa 5 son poucas as que se atopan no mercado laboral formal, sobre unhas 20; non se pode dar a cifra con exactitude, porque, debido a lei de protección de datos, cando as contratadas son menos de 3 non figura o seu número, senón un X. De calquera xeito, este datos si nos indica unha serie de tendencias na contratación de mulleres senegalesas en Galicia. Os dous sectores principais de contratación son o de servizos persoais e o da hostalería, sendo no primeiro no que se firman máis contratos, pero a hostalería supera nun posto a cantidade de mulleres contratadas. Pódese dicir, polo tanto, que a pesar de ser poucas, as senegalesas que se insiren no mercado laboral por conta allea o fan en sectores claramente feminizados, como, entre outras ocupacións: limpadoras no servizo doméstico, coidadoras, perruqueiras, ou camareiras.

Táboa 7. Senegaleses/as contratados/as de xaneiro a decembro de 2007.

Sectores de actividade	Contratados varóns	Contratadas mulleres
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados	18	0
Silvicultura, explotación forestal e servizos relacionados	19	0
Pesca, acuicultura, e servizos relacionados	65	0
Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	25	x
Transporte terrestre; transporte por tubos	9	0
Actividades anexas ós transportes: activ. Axencia de viaxes	44	x
Outras actividades empresariais	30	x
Actividades diversas de servizos persoais	x	5

Hostalería	5	6
-------------------	---	---

Fonte: elaboración propia dos datos do Observatorio Ocupacional, Xunta de Galicia.

Sexa cal sexa o traballo que desenvolvan no mercado laboral, as mulleres senegalesas se enfrontan a unhas resistencias comúns dentro do seu propio colectivo, xa que son pioneiras dun percorrido migratorio que maioritariamente é protagonizado por varóns. Polo tanto, son rachadoras dunha tradición que reserva a migración ós varóns. Tal e como sinalaron as entrevistadas, nun principio estas “pioneiras” tiveron que enfrontarse a certas burlas e baleiros dentro da comunidade, pero co tempo e co traballo, comezaron a ser respectadas dentro do colectivo.

“De forma general, te consideran una persona super extraña, una mujer sola, sin su marido, piensan a lo mejor que eres una blanca, quieres hacer como los blancos, que quieres hacer la moderna, que sabes,..., que no son nuestros valores, claro no es así, (...), al principio era mal visto, era muy raro, me costó un poquito hacerme con la comunidad, son gente así un poquito machistas, las mujeres siempre tienen que estar detrás, siempre a las ordenes de los hombres, y luego yo sin marido, pero bueno, (*risas*), bueno esa es una aventurera, en su caso es muy normal, pero el caso de una mujer, que está mal visto, muy peyorativo, (*risas*), a lo mejor piensan que mi marido no tiene esa fuerza de dominación sobre mí para decirme mira quedate aquí, no puedes ir, no lo conocen, pero llegan a pensar eso que, bueno, en vez del marido, es la mujer, porque esta bajo mi mando, llegaron algunos a comentármelo, tu que haces aquí, porque no vas con tu marido, (...), pero al final, al verme, yo creo que acabaron por aceptarme, bueno, ver en mí una persona normal, sin que sea más visible el factor sexo, que es una persona que se viene a buscar a la vida, sin más, y al final te citan como ejemplo, cuando vienen otras mujeres, esta chica, está ahí, y hace como los hombres, se pone las ferias, tiene un coche, ha conseguido un coche, conduce, y eso les pareció yo que sé, es como si fuera una cosa muy rara, al final te citan, (...), fue duro, sí, sí, muy, muy duro, es difícil, ...”, (E2, 36 anos, traballa nunha oficina pola semana e na venda ambulante as fines de semana, está casada e o seu marido vive en Senegal, reside en Vigo dende 2002).

Hai que subliñar que a venda ambulante obriga a desenvolver actitudes non habitualmente presentes no rol tradicional de mulleres, motivo que fai destas inmigrantes unhas mulleres que rachan por partida dobre o rol previsto: por unha banda son as iniciadoras do proxecto migratorio e pola outra se insiren nun nicho laboral fóra do rol tradicional feminino.

Polo tanto ser protagonista dunha migración autónoma posúe, para as mulleres senegalesas, unhas dificultades específicas. Mais, ó tempo que constatamos estas dificultades, hai que sinalar tamén que no traballo de campo detectamos como as propias senegalesas poñen en funcionamento unha serie de estratexias para poder enfrontar as barreiras vinculadas á experiencia migratoria. Así, na realización das entrevistas, nos falaron da existencia de dúas “tontines” estendidas entre as mulleres inmigrantes senegalesas, unha en Vigo e outra en A Coruña. As “tontines” son unha especie de asociacións que funcionan como unha caixa de crédito rotativa destinada á satisfacción de diferente tipo de necesidades das beneficiarias, tal e como se recolle en diferentes estudos sobre o colectivo senegalés³⁹. Están protagonizadas, sobre todo, polas mulleres senegalesas, tanto en Senegal como nos países de destino. Funcionan do seguinte xeito: cada muller vai metendo unha cantidade de diñeiro na caixa, e unha vez ó mes, (ou nun período máis longo), unha das mulleres pode contar coa totalidade do diñeiro recaudado, o que lles permite realizar gastos fortes, inversións, ou simplemente estes cartos poden ser usados para enviar ás familias a Senegal. Por outra banda, tamén é habitual empregar as “tontines” para facer fronte a situacións de urxencia, como o caso de enfermidade ou morte dalgún familiar, a viaxe repentina a Senegal, etc. A miúdo estas “tontines” son levadas a cabo por mulleres dunha mesma xeración, e ademais da función de aforro, posúen tamén unha función lúdica, xa que é habitual que estes grupos se reúnan para facer diferentes tipos de festexos. En resumo, as “tontines” son unha estratexia moi útil para afrontar as dificultades económicas, mais tamén son usadas para paliar a soidade, e tecer espazos de diversión entre as propias mulleres.

³⁹Mohamadou, Abdoul (2001): “Senegal. Las relaciones sociales entre hombres y mujeres a través de las actividades económicas femeninas y la gestión del marco de vida”, en Verschuur, Cristine e Hainard, Francois, (autores/as principais): *Empoderamiento de las mujeres en las crisis urbanas*, Iepala Editorial, Madrid, pp. 125- 165.

“Por exemplo hay cada mes, vengo de tu casa te doy 50 euros para guardar, hacemos una caja de ahorros, y si hay 10 personas, hay 500 euros, y después si hay urgente, si tu madre está morta por exemplo, tu padre, y tienes, algo urgente, tienes dinero para ir a Senegal, ellas tienen otras cajas para ayudar, ..., 50 euros cada persona, te toca una vez para ti, para ayudar, se llaman “tontine” (risas)” (E1, 22 anos, traballa nunha perruquería, solteira e sen fillos/as, reside en A Coruña dende 2006).

Unha vendedora ambulante nos comentou que na feira da praia de Samil (Vigo) en verán, realizan dentro das mulleres do colectivo, unha especie de “tontine”. Nesta época forte de vendas, van cada día xuntando diñeiro (20- 50 euros por persoa) nun bote común, e o final do verán reparten entre todas o recollido; é unha forma de aforro, para poder ter ó final da época de verán unha cantidade de diñeiro importante para gastar ou invertir no que cada muller desexe.

“Es entre mujeres, forman grupos de amistades, de edades, hacen tontines, turnos, no sé como se dice, reagruparse en la casa de cada una, a turnos, y festejar algo, hacer una comida, bailan, es muy habitual dentro de una generación, de un grupo de edad, es muy habitual en Senegal para reforzar, (...), en Vigo, se puede decir que hay tontine en verano, es una forma de ahorro, por ejemplo al día todos vamos a dar 20 o 50 euros, pero al final de verano se acaba, no es algo que siga todo el año,..., cada uno lo usa como quiere, para tu familia, ..., cada uno tiene su proyecto, para una mujer que se quiere comprar joyas, que es una cosa muy importante en Senegal, o para que me construyan mi casa, para un montón de proyectos”, (E2, 36 anos, traballa nunha oficina pola semana e na venda ambulante as fines de semana, está casada e o seu marido vive en Senegal, reside en Vigo dende 2002).

6.2.- Os cambios na esfera do privado a partires da migración

Neste apartado queremos salientar algúns dos cambios que se producen na esfera do privado, unha vez se inicia a experiencia migratoria. O certo é que inserirse nunha nova sociedade afecta a múltiples esferas da vida, mais, neste epígrafe salientaremos aqueles

aspectos que máis chamaron a nosa atención na realización do traballo de campo, e que afectan dun xeito específico ás mulleres senegalesas.

Na realización do traballo de campo, puidemos detectar que o cambio máis salientado polas mulleres migrantes senegalesas, (e o aspecto que máis botan de menos), é o xeito de vivir máis comunitario que hai en Senegal. Alí, debido a que a organización familiar é extensa, as casas sempre están cheas de amigos/as e familiares, o que lles choca moito co xeito individualista de vivir que se da na nosa sociedade: do traballo a casa, e de que casa ó traballo; un xeito de vivir que, como comenta esta entrevistada, pode conlevar uns fortes custos emocionais.

“Hay cosas, en plan trabajo aquí es mejor, .., aquí es mejor, en plan sentimental, emocional, y todo, me siento mejor en Senegal, ..., hace poco que mi médico me dió, me puse a llorar, y me dijo que tenía una depresión, estoy muy sola, lo pasa muy mal, porque son dos culturas muy diferentes, yo estoy acostumbrada de una familia muy grande, somos 10 personas, y cada uno viene a visitarle su amigo, siempre la casa está llena de gente,..., tu amiga viene, está por la tarde allí, aunque duerme allí, no pasa nada, no está todo controlado, mira te llama voy a tu casa, viene por la mañana y vuelve a su casa al día siguiente, gente muy acogedor, donde vas duermes, la cosa muy natural, donde vas comes, bebes, está ahí, es para todos, compartes todo, es muy, nos juntamos, yo que sé, aunque con las chicas casadas y todo, y al final de mes nos juntamos, bailamos, uno prepara, comemos, es muy diferente, aquí es casa, trabajo, trabajo, casa, casa, trabajo, trabajo, casa, ..., muy monótono, si, si”, (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

Esta entrevistada tamén salienta a importancia das celebracións lúdicas en Senegal e os momentos de ocio que comparte coas súas amigas, un espazo que non pode reproducir en destino, o que lle causa unha dura sensación de soidade e illamento.

Este illamento tamén foi sinalado dun xeito moi específico por unha entrevistada que se dedicaba en exclusiva ó traballo reproductivo no seu fogar. Esta entrevistada describiu detalladamente o proceso de illamento social que vai parello a esta dedicación, dados os cambios que supoñen coa súa vida anterior en Senegal: alí, o seu fogar estaba habitado

por unha familia extensa, mais en Galicia pasou a vivir nun piso co seu marido, dous fillos, dúas fillas e un cuñado. Nestes fogares extensos en Senegal o traballo doméstico se realiza dun xeito comunitario entre as mulleres que conviven na unidade familiar. Este reparto do traballo fai que as mulleres da familia posúan máis tempo libre para dedicarse a outras cousas, ó mesmo tempo que, tal e como se reflexa abaixo, a convivencia nestes grupos máis amplos fai que a vida social destas mulleres, como xa se sinalou arriba, sexa máis rica e variada. En cambio, no país de destino se produce unha importante transformación: o feito de dedicarse ó coidado da casa, dos/fillos/as, do marido, etc., provoca que case non saia da casa, e se pase moitas horas de soidade mentres o seu maridos traballa, o cal provoca un forte illamento social; unha rutina que só se racha nalgúns eventos como os bautizos, as vodas, ou certas visitas ás casas doutras mulleres do colectivo. Este illamento afecta dun xeito moi negativo ó estado psicolóxico dalgunhas mulleres senegalesas como a entrevistada, provocando situacións de depresión vinculadas ó proceso migratorio.

“Eh, ..., yo casi no salgo de casa, solo en verano en la playa, dos meses de aquí me voy a la playa a hacer trenzas, si, en Samil, todo el invierno metida en casa, sino, un aburrimiento”, (...)“Yo como mujer me sentía más mujer allá, gustarme, me gusta más estar allá, es una cosa típica de costumbre, yo la costumbre en mi cultura me gusta mucho, por ejemplo, yo cuando estoy en Senegal muy pocas veces me pongo pantalón, me gusta vestirme una falda, un pareo, vestirme de mi país, me arreglaba y todo eso, ¿sabes? pero aquí, ¿para qué me arreglo? si no salgo, nadie me ve, es que estar siempre en casa encerrada a mi no me gusta, estreses, me siento así desde que llegué a este momento, todo, el ritmo de la casa, todos los días, lo que haces hoy, lo haces mañana, todos los días, ..., y en cambio, en Senegal, después de los dos días que te toca la casa de la comida de la casa, te quedan cuatro días libres, para quedar con las amigas, con la familia, reunidos, charlar, vas arreglada: ¡ay que guapa estas, mira! siempre hay vestido de novia, parece que estas viviendo, para mi, ¿sabes? yo aquí me adapto porque no me queda más remedio porque están mis hijos y mi marido, yo si me voy a Senegal no quiero volver aquí, ¿eh? ni de vacaciones, es muy difícil adaptarte a un sitio nuevo”, (E6, 37 anos, traballa na casa e como limpadora, reside en A Coruña dende 2000, está casada e ten unha filla de 19 anos, un fillo de 17, outra de 14 e un de 4 anos).

Por outra banda, outro cambio que afecta dun xeito específico as vidas privadas das mulleres senegalesas en Galicia ten que ver coas relacións que se dan entre estas mulleres e os varóns do seu propio colectivo. O feito de que as mulleres sexan minoría dentro da inmigración senegalesa implica, neste caso, a presión dos varóns senegaleses para conseguir casar coas mulleres solteiras, separadas ou viúvas que haxa dentro da comunidade. Case tódalas mulleres entrevistadas concordan neste asunto.

“Si, (*risas*), aquí hay que aguantar todo, si, que quieren vivir contigo, quieren estar al lado de ti, muchos me dijeron que querían casarse conmigo, demasiados, yo no quiero, tengo muchos problemas a arreglar, ..., yo vine a aquí a trabajar, y quieren hijos, muchos hijos, 5 o 10, muchos”, (E1, 22 anos, traballa nunha perruquería, solteira e sen fillos/as, reside en A Coruña dende 2006).

“Yo si quería mañana, mañana tengo marido, ellos dicen están solos, no quieren tener una novia blanca, ..., entonces cuando escuchan de que no tienes marido, ya van todo el mundo detrás, muchos me pidieron matrimonio, pero muchos, ah, esta no tiene marido, ah, voy yo, .., se pueden casar, es algo normal, aunque tengan a su mujer en Senegal, ..., aquí con una senegalesa si, si, puede tener dos allá”, (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

7.- A ESPECIFICIDADE DAS MULLERES NIXERIANAS

7.1.- Os diversos proxectos migratorios das mulleres nixerianas

Xa se sinalou que as mulleres nixerianas eran unha excepción dentro do fluxo de migrantes africanos/as, debido a que son a única nacionalidade onde as mulleres superan dun xeito importante ós varóns nixerianos. Semella que esa excepcionalidade só pode ser explicada pola presenza da prostitución nas mulleres nesta nacionalidade.

Táboa 8.Distribución provincial da poboación nixeriana en Galicia, 2007

	Varóns	Mulleres	Total	% Provincial
Galicia	155	230	385	100 %
A Coruña	34	72	106	27,5%
Pontevedra	93	106	199	51,7%
Ourense	4	13	17	4,4%
Lugo	24	39	63	16,4%

Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE.

Como se observa na táboa 8, a inmigración nixeriana se concentra nun 51,7% na provincia de Pontevedra, estando bastante por detrás a presenza de nixerianos/as en A Coruña e Lugo, e por último, Ourense. Esta concentración motivou realizar a maioría das entrevistas en Vigo. Esta distribución por provincias dos/as nixerianos/as diferénciase dos datos para a inmigración senegalesa, onde se daba unha concentración semellante entre as provincias de Pontevedra e A Coruña.

Por outra banda, na táboa 9 se presentan os datos sobre o grao de feminización da inmigración nixeriana: pódese ver que en tódalas provincias, as mulleres superan ós varóns neste colectivo. No caso de Pontevedra é onde menor é a diferenza de volume entre sexos, tanto os varóns como as mulleres nixerianas nesta provincia posúen unha presenza relevante en número.

Táboa 9. Porcentaxe de mulleres na inmigración nixeriana en Galicia

	Varóns	Mulleres	% Mulleres
Galicia	155	230	59,7%
A Coruña	34	72	67,9%
Pontevedra	93	106	53,3%
Ourense	4	13	76,5%
Lugo	24	39	61,9%

Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE.

En canto á distribución por idades, as mulleres nixerianas superan en case tódalas cohortes de idade ós nixerianos, sendo maior a diferenza nos tramos de 20 a 24 anos, e de 25 a 29, este último é onde se concentra o maior volume de mulleres nixerianas. Polo tanto, a concentración se da nunhas idades activas, (como sucedía co colectivo senegalés), mais coa particularidade de que neste caso, as mulleres nixerianas copan as idades máis novas dentro desas idades activas, sendo case inexistente a súa presenza nas cohortes dos 40 anos en diante, (únicos tramos nos que os nixerianos as superan). Pode haber varias cousas que expliquen esta diferenza: por unha parte, o crecemento da inmigración nixeriana é máis recente que a senegalesa, o que explica a escaseza tanto de homes como de mulleres con idades que superen eses 40 anos; mais, por outra banda, a xuventude das mulleres nixerianas recen chegadas, (a entrada de mulleres en Galicia é máis recente que a de varóns⁴⁰), pode vincularse á elevada presenza de mulleres nixerianas novas na prostitución, un eido do que se falará a continuación.

⁴⁰ As mulleres nixerianas superaron ós varóns nixerianos en número no ano 2005, polo que o maior crecemento de mulleres nixerianas en Galicia se deu nos últimos dous anos.

Táboa 10. Distribución por idades e sexo da poboación nixeriana, 2007.

Idades	0-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55 e máis	Total
Total	39	10	71	119	89	40	12	3	2	0	385
Varóns	17	6	18	33	41	28	9	1	2	0	155
Mulleres	22	4	53	86	48	12	3	2	0	0	230

(Fonte: elaboración propia a partir do avance de Padrón Municipal 2007, INE).

7.2.- As mulleres nixerianas na prostitución

7.2.1.- Breve marco sobre a prostitución

Escápase do obxectivo deste traballo entrar nos detalles do complexo debate que implica o tema da prostitución no pensamento e na investigación feminista, o que daría pé a un novo traballo de investigación, pero tampouco queremos eludir o tema, ou ocultar que a prostitución é unha realidade que afecta de xeito moi evidente a moitas das protagonistas deste estudo, en especial, a numerosas mulleres migrantes nixerianas.

É dicir, máis alá das diferencias teóricas entre as correntes abolicionistas⁴¹ e regulacionistas⁴², creo que o pensamento feminista posúe tamén neste eido algúns lugares comúns: entre outros, sacar do ocultamento esta práctica, xa que dende logo, a hipocresía, o silenciamento e a estigmatización non favorecen de ningún modo ás mulleres que exercen a prostitución.

Deste xeito, o que se pretende facer aquí é aportar visibilidade a esta actividade, describindo aqueles factores que máis afectan ás mulleres nixerianas, pero sen que este sexa o único tema que eclipse toda a experiencia migratoria do colectivo de nixerianas.

⁴¹ Normalmente se identifica a esta corrente de pensamento político pola loita pola desaparición da prostitución, por considerala unha forma de violencia contra as mulleres que, así mesmo, serve para manifestar, asegurar e perpetuar a desigualdade entre homes e mulleres.

⁴² A corrente regulacionista identifica dous obxectivos comúns: actuar de contrapeso á carga estigmatizante e ofensiva do termo prostitución e reafirmar o seu carácter de actividade económica e laboral, avogando polo recoñecemento dos dereitos das persoas que o realizan. Para afondar neste eido: SURT (2007): Obstáculos y dificultades de la reubicación de las trabajadoras sexuales en el mercado laboral”, [en liña], dipoñible en: www.surt.org, [consulta: 10/03/2009], p. 10.

Para comezar, aínda que sexa brevemente, si que creo que é necesario ofrecer unha definición do termo “prostitución”, así como recoller as leis que a regulan, para abordar o caso das mulleres nixerianas a partires dun pequeno marco previo. Empregarase a seguinte definición: “A prostitución é unha manifestación dun produto histórico e social das nosas sociedades, caracterizándose pola negativa estigmatización, alta feminización e pola asimetría de poderes entre xéneros, onde quen “paga”, manda”⁴³.

En canto á lexislación española actual sobre prostitución, cabe mencionar a Lei Orgánica 10/95 do 23 de novembro de 1995, segundo a cal os delitos relativos á prostitución de persoas maiores de idade quedaron limitados ás condutas de determinar “empregando a violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima, a persoa de maior idade a exercer a prostitución ou a manterse nela”⁴⁴. Deste xeito, quedou autorizada, por defecto, a posibilidade de consentir a explotación da prostitución propia das persoas maiores de idade, limitando a manter a sanción punitiva só para as formas coercitivas de proxenetismo. O código Penal será reformado neste eido pola Lei 11/2003 do 29 de setembro, a cal recupera a penalización do mero proxenetismo lucrativo, a través da seguinte formulación: “Na mesma pena incorrerá o que se lucre explotando a prostitución doutra persoa, aínda co consentimento da mesma”⁴⁵, volvendo así á liña marcada polo Convenio da ONU de 1949, que parte do suposto de que “a prostitución, e o mal que a acompaña, son incompatibles coa dignidade e o valor da persoa humana, e poñen en perigo o benestar do individuo, da familia e da comunidade”. Existen diversas interpretacións respecto a esta reforma, e as críticas sobre a súa aplicación apuntan a que aínda que a modificación do texto punitivo abriu a posibilidade de actuar contra os titulares dos prostíbulos, clubs de alterne e outros complexos similares, o certo é que os termos do precepto non son tan claros e contundentes como os da lexislación derogada, nin a loita contra o proxenetismo foi designado como un obxectivo prioritario da política- criminal no noso país, de aí a escaseza de resolucións de condena ós promotores da prostitución⁴⁶.

⁴³ Alecrín (2006): *Informe prostitución en Lugo*, Casa da Muller, Concellería de Muller e Servizos Sociais e Concello de Lugo, Lugo. p. 11.

⁴⁴ *Ibíd*em, p. 17.

⁴⁵ *Ibíd*em, p. 26.

⁴⁶ *Ibíd*em, p. 26.

En canto ó ámbito autonómico galego, hai que sinalar que non se dispón na actualidade dunha normativa na que se regulen cuestións relacionadas co exercicio da prostitución, un feito que tamén se constata na maior parte das restantes comunidades, dado o baleiro legal no que se encontra inmerso o fenómeno da prostitución dende a perspectiva estatal⁴⁷.

Para rematar co marco normativo, sinalar que, dado que o noso estudo se centra nun colectivo específico, as mulleres migrantes nixerianas, hai que ter en conta tamén a Lei 4/ 2000 sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España, modificada pola Lei orgánica 8/2000, e novamente reformada pola Lei orgánica 14/2003. Algúns dos preceptos desta norma constitúen obstáculos para a regularización da situación das mulleres que exercen a prostitución, pois moitos dos requisitos esixidos son difíciles de cumprir, dada a situación de precariedade na que viven estas mulleres⁴⁸.

Para rematar este marco previo, será de interese realizar unha pequena contextualización das mulleres estranxeiras no eido da prostitución. Realizarase, en primeiro termo, un pequeno achegamento histórico a este tema, para enmarcar logo a prostitución en Galicia en tempos recentes, observando as transformacións no tipo de prostitución e na composición nacional das mulleres que a exercen.

Aínda que poida parecer que a incidencia das mulleres inmigrantes na prostitución é un fenómeno moi recente, froito das recentes migracións internacionais vinculadas ó proceso de globalización e o desenvolvemento dos medios de transporte, o certo é que diferentes estudos teñen constatado a presenza en diferentes momentos históricos de mulleres migrantes no exercicio da prostitución. En especial, o libro de Donna J. Guy⁴⁹ afonda especificamente no caso das mulleres migrantes (fundamentalmente polacas, rusas, francesas e romanesas), e que chegaban a Bos Aires, cidade na que exercerían a prostitución, ás veces protagonistas de redes mafiosas e “trata de brancas”, e noutras ocasións, emigrando de xeito consciente para traballar no eido da prostitución. O que chama a atención desta investigación, é que a pesares de atoparnos cun escenario ben

⁴⁷Servizo Galego de Igualdade: *A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia* (2004), Xunta de Galicia, p. 42.

⁴⁸Ibídem, p. 41.

⁴⁹ Donna J. Guy (1991): *El sexo peligroso. La prostitución legal en Buenos Aires, 1875- 1955*, Editorial Sudamericana, Buenos Aires. Véxase especialmente o capítulo: “Camino a Buenos Aires”, pp. 17- 54.

diferente: a finais do século XIX (ata a I Guerra Mundial), e, coas migracións cara Latinoamérica como contexto, existen, sen embargo, moitas pautas comúns: por exemplo, no caso das mulleres que migraban enganadas, o facían baixo promesas de obter un bo emprego que lles permitira iniciar unha nova vida en Arxentina, escapando a miúdo de situacións de pobreza. Este é o caso de moitas mulleres xudías nesta época, as cales, no caso de ortodoxas, se eran abandonadas polo seu marido, non podían volver a casar, o que as convertía en “parias” para o resto da comunidade, factores que facían que estas mulleres entraran na prostitución sen demasiadas coaccións⁵⁰. Por outra banda, tamén se dan coincidencias en canto ó tipo de persoas que participan nas redes que “captan” a mulleres para exercer a prostitución, a miúdo, varóns do propio colectivo nacional, étnico ou relixioso. No caso estudado por Guy queda claro que as redes de varóns xudeus son os que organizaban en boa medida o tráfico e o comercio desas mulleres xudías⁵¹. Resulta de interese reproducir aquí un fragmento dun texto de 1928 sobre o funcionamento dunha rede de comercio de mulleres inmigrantes:

“Traballan... con mulleres que, por algunha razón, están desesperadas... o mellor partido é a inofensiva semiprofesional que nin sequera sabe onde pasar a noite. Cando atopan ás mulleres, as mandan vía Santander, Bilbao, La Carogne, Vigo y Lisboa. ¡Ese é o camiño de Bos Aires!”⁵²

Mais, pasando ó contexto Galicia e achegándonos máis ó tempo presente a través doutros estudos sobre prostitución en Galicia, se pode facer un percorrido polos cambios que se foron dando en canto á procedencia das mulleres que exercen a prostitución, tomando sempre estes datos con cautela e de xeito orientativo, (xa que non se teñen datos estatísticos sobre esta actividade). Por unha parte, a achega de mulleres inmigrantes a Galicia se soe situar na década dos 70, un fluxo protagonizado por mulleres portuguesas. Mais, nos anos 80, comeza a rexistrarse a presenza de mulleres procedentes de Arxentina e da República Dominicana. E, finalmente a partires de 1996, o continxente maioritario o forman as mulleres colombianas⁵³. En síntese, a prostitución en Galicia, segundo os estudos máis recentes nesta materia, é exercida maioritariamente por inmigrantes latinoamericanas, cun peso importante da nacionalidade brasileira. As

⁵⁰ Ibídem, p. 20.

⁵¹ Ibídem, p. 29.

⁵² Ibídem, p. 36, [traducción propia].

⁵³ Ibídem, p. 55.

ONG's e asociacións que traballan neste eido corroboran tamén estes datos. Por exemplo, en Galicia (para o ano 2005), unha de cada catro mulleres prostituída atendida por Médicos do Mundo⁵⁴ é latinoamericana, sendo as máis numerosas as brasileiras, as cales segundo esta ONG soen entrar no país vía Portugal. Este mesmo informe tamén subliña como se están a producir certos cambios na “prostitución de barrio” nas cidades de Vigo e A Coruña: se ben aínda é relevante a existencia de mulleres españolas e portuguesas de idade avanzada ou usuarias de drogas nos barrios “roxos” de Vigo (a Ferrería) e A Coruña (Orzán), están sendo reemplazadas a gran velocidade polas mulleres do leste e subsaharianas. Volveremos sobre este tema máis abaixo.

A nivel do Estado español tamén se recollen datos similares: segundo as Forzas de Seguridade do Estado, xunto ós datos de Médicos do Mundo⁵⁵, a maior parte das mulleres prostituídas en España, (no ano 2005), seguen a ter unha orixe americana (nun 58%); respecto ó resto de continentes, as persoas procedentes de Europa seguen aumentando dun xeito significativo (34%), e as mulleres procedentes de África se manteñen en porcentaxes ó redor do 8%, sendo anecdótica a presenza de mulleres de orixe asiática. Respecto ó número de mulleres que exercen á prostitución no Estado español, non existe unanimidade. Para o ano 2005 e segundo datos da Dirección Xeral da Muller, exercerían a prostitución unhas 300.000 mulleres, das cales, e nesto si existe unanimidade, en torno ó 80% serían estranxeiras⁵⁶.

No caso das mulleres africanas non existen en Galicia estudos que analicen a súa inserción no ámbito da prostitución dun xeito específico, mais si podemos recoller información doutros estudos ó nivel do Estado español. Segundo Laura M^a Agustín⁵⁷, entre as mulleres africanas o fluxo máis antigo vinculado á prostitución é o de mulleres marroquinas e ecuatoguineanas, e entre as máis recentes se atopan as nixerianas e sierraleonesas. Como recolle o Informe de Médicos do Mundo⁵⁸, é na Comunidade de Madrid onde existe unha maior presenza de mulleres subsaharianas na prostitución. Para o caso galego, e segundo os datos cos que contamos, semella que a nacionalidade

⁵⁴ Médicos del Mundo (2005): *X Informe sobre exclusión social*, Madrid, p. 33

⁵⁵ Ibídem, p. 31.

⁵⁶ Solana, José Luis (2005): “Mujer inmigrante y prostitución: falacias y realidades” en Checa e Olmos, Francisco (ed.): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, 221- 257, p. 225.

⁵⁷ Agustín, Laura M^a (2001): “Mujeres migrantes ocupadas en servicios sexuales” en Colectivo Ioé: *Mujer, inmigración y trabajo*, IMSERSO, Madrid, pp. 647-716, p. 554.

⁵⁸ Médicos del Mundo (2005): *X Informe sobre exclusión social*, Madrid, p. 33.

africana con maior incidencia na prostitución é a nixeriana, aínda que acudindo ós datos recollidos nos últimos Padróns Municipais, sabemos que a presenza das mulleres nixerianas na prostitución na comunidade galega é bastante recente.

7.2.2.- A vivencia da prostitución por parte das mulleres nixerianas

Feitas estas matizacións previas, hai que sinalar que o primeiro problema co que nos atopamos para traballar este tema, é froito do “ocultamento” que recae sobre a prostitución. Como xa se apuntou arriba, non existen datos estatísticos sobre as mulleres que se dedican á prostitución, polo que houbo que acudir a aquelas entidades que traballan no eido da prostitución para poder recoller algúns datos aproximativos sobre a presenza das nixerianas na prostitución en Galicia.

Para comezar, no traballo de campo se acudiu ó Centro de día da organización Alecrín, entidade que traballa no eido da prostitución na cidade de Vigo, (cidade onde se concentra a presenza de mulleres nixerianas). As usuarias maioritarias deste centro son as mulleres brasileiras, pero en segundo lugar se atopan as mulleres nixerianas: en 5 anos acudiron a este centro de día unhas 200 nixerianas, unha cifra moi elevada, se temos en conta a escaseza de mulleres nixerianas (230 para o ano 2007), comparadas, por exemplo, co número total de mulleres brasileiras, as mulleres estranxeiras máis numerosas en Galicia, 5526 segundo o Padrón Municipal de 2007⁵⁹. Os datos aportados por Médicos do Mundo de Santiago de Compostela apuntan tamén a que as mulleres africanas cunha maior presenza na prostitución na provincia de A Coruña son as nixerianas.

En canto ós datos recollidos acerca das situación das mulleres nixerianas que exercen a prostitución en Vigo, podemos sinalar unha serie de especificidades importantes. Por unha parte, tal e como sinalou unha das traballadoras do centro de Día, as mulleres nixerianas exercen a prostitución basicamente en dous puntos da cidade: na denominada “prostitución de rúa”, (principalmente no Berbés), e na chamada “prostitución de barrio”, (na estigmatizada rúa da ferrería, onde tamén se da unha presenza importante de mulleres autóctonas de idade avanzada), o cal resulta bastante sorprendente, xa que,

⁵⁹ Fonte: Padrón Municipal de habitantes, 2007, INE.

segundo diversas fontes estas son as modalidades máis minoritarias, concentrándose na actualidade a maior parte da prostitución nos “clubs de alterne” e nos pisos de “contactos”⁶⁰. Tamén se constatou como a ampla maioría das mulleres nixerianas que traballan nesta actividade se atopan nunha situación administrativa de irregularidade. De novo, pódese observar como dentro das mulleres inmigrantes se da unha multiplicidade de segregacións, (neste caso, en canto á modalidade de prostitución que se exerce), en función de moi diferentes variables: o país de orixe, a raza, a relixión, os estereotipos que se manexan dende a sociedade de acollida, a situación administrativa, etc. Nalgúns estudos tamén se sinala como causa desta segregación nas modalidades da prostitución o feito de que as mulleres de orixe subsahariana non son ben aceptadas nos clubs, un fenómeno que tamén puidemos escoitar no traballo de campo, xa que algunhas das nosas informantes salientou que as mulleres nixerianas soen ter conflitos cos donos dos clubs, motivo polo que son rexeitadas nestes espazos. En calquera caso, a maioría das mulleres nixerianas que exercen a prostitución, tanto na provincia de Pontevedra como na de A Coruña, o fan na prostitución de rúa, modalidade especialmente precaria en termos económicos e tamén en termos de seguridade persoal da propia muller, ó que se poden engadir outros factores, como a influencia das circunstancias climáticas⁶¹, ou a maior presenza de chulos e proxenetas⁶². Noutros estudos contextualizados noutras Comunidades Autónomas, como Navarra, tamén se constatou a maior presenza de mulleres subsaharianas na prostitución de rúa, en detrimento da súa ocupación nos locais⁶³.

En fin, esta variedade de factores fai que a maior parte das mulleres nixerianas que se dedican á prostitución o fagan na prostitución de rúa, onde soen recibir moi baixos pagos polo seu traballo, o que lles dificulta a acumulación monetaria, unha característica desta “prostitución de rúa”, onde menores beneficios económicos se obteñen. Segundo se puido recoller no traballo de campo, o “servizo” máis habitual que é realizado polas mulleres nixerianas de rúa se limita á felación, (habitualmente no coche do “cliente”),

⁶⁰ “Ó longo da última década produciuse un cambio progresivo do exercicio da prostitución de rúa a favor do exercicio da prostitución en pisos, clubs, e outros espazos pechados. Estímase que o 80% das mulleres que se prostitúen no noso país o fan neste tipo de establecementos” en Médicos del Mundo (2005): *X Informe sobre exclusión social*, Médicos del Mundo, Madrid, p. 31.

⁶¹ Servizo Galego de Igualdade (2004): *A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia* (2004), Xunta de Galicia, p. 143.

⁶² Solana, José Luis (2005): “Mujer inmigrante y prostitución: falacias y realidades” en Checa e Olmos, Francisco (ed.): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 221- 257, p. 249.

⁶³ *Ibidem*, p. 228.

polo que poden recibir dende 20 a 30 euros. Debido a esta dificultade de acumular diñeiro, algunhas mulleres nixerianas residentes en Vigo compaxinan as xornadas de descarga de peixe no Berbés co posterior traballo en Beiramar na prostitución.

Ademais desta diferenciación en canto ó espazo de traballo, tamén as vías de entrada na prostitución e as condicións nas que se exercen varían sensiblemente en función do colectivo do que se fale. Así, as traballadoras entrevistadas de centros de atención a mulleres que exercen a prostitución coinciden en que as mulleres africanas que se dedican á prostitución soen chegar ó destino a través de redes máis ou menos formais de tráfico de mulleres, o que conleva que moitas delas adquiran débedas moi elevadas contraídas pola viaxe e entrada no país, débeda que se ven na obriga de pagar a través do seu traballo na prostitución, o que pode levarlle dous ou tres anos.

Este é un eido controvertido dentro dos estudos que abarcan a inmigración e a prostitución, xa que mentres existen autoras que subliñan a autonomía na viaxe migratoria de moitas mulleres migrantes que exercen a prostitución (sobre todo está estudado o caso de mulleres latinoamericanas), tamén dende outros estudos, e sobre todo dende os medios de comunicación se remarcen as redes mafiosas de tráfico de mulleres inmigrantes para a prostitución. O certo é que, se ben no caso das mulleres latinoamericanas⁶⁴ son varios os estudos que desmenten a presenza destas redes e mafias, e subliñan a voluntariedade na inserción nesta actividade, (aparte das constriccións socioeconómicas nas que tomaron a súa decisión⁶⁵), para o caso das mulleres africanas en Galicia non podemos remitirnos a estudos específicos anteriores sobre este aspecto, xa que son inexistentes. Mais, a través da consulta a diversos centros que traballan con estas mulleres migrantes podemos avanzar que parece habitual que moitas nixerianas veñan a través de redes, máis ou menos informais.

Así, por unha parte se poden distinguir aquelas redes máis informais, formadas por coñecidos, por individuos particulares, que participan na viaxe migratoria das nixerianas, e aínda que moitas delas saben que se van dedicar ó exercicio da

⁶⁴ Oso, Laura (2005): “Mujeres inmigrantes y prostitución en Galicia”, en Solé, Carlota e Izquierdo, Antonio (Coords): *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, pp. 119-135, p. 129- 130.

⁶⁵ Carmona, Sara (2000): “Inmigración y prostitución. El caso del Raval (Barcelona)”, *Papers* N° 60, pp. 343- 354, p. 347.

prostitución en Galicia, non coñecen as condicións nas que van desenvolver o traballo, nin o tempo que van tardar en “saldar” a débeda. O engano neste tipo de tráfico de mulleres inmigrantes, (como tamén se constatou no caso doutras mulleres colombianas⁶⁶), consiste non tanto no emprego a realizar, senón máis ben no monto da débeda, que a miúdo é moi superior ó custo real da viaxe. É difícil saber a cantidade exacta da débeda, pero pode atoparse, segundo diversos estudos⁶⁷, ó redor dos sesenta mil euros.

Mais, en segundo lugar, tamén se detectan unhas redes máis formais e organizadas, que recrutan ás propias mulleres dende os pobos de orixe, retirándolles o pasaporte ás mulleres que iniciarán a viaxe migratoria ata España: a miúdo atravesan Arxelia, ata chegar a Marrocos, dende onde serán trasladadas en pateras a España. Para asegurarse que chegan ó destino, estas redes, como recollen diferentes estudos⁶⁸, empregan ás veces chantaxes relixiosas, morais ou afectivas, a través por exemplo de prácticas de maxia negra. Tamén, unha vez que están en destino, estas mulleres son ameazadas con comunicar á aldea ou á familia a que se dedican en España. As ameazas a través da maxia negra tamén foron sinaladas por persoal que traballan nos centros visitados.

Polo tanto, un dos factores clave que afecta ás mulleres nixerianas que se atopan no eido da prostitución é o endebedamento económico que sofren, o que endurece moito ás condicións de traballo⁶⁹, xa que ás veces as leva a desenvolver unhas xornadas de traballo moi longas, coas consecuencias que esto conleva para a súa saúde. Neste senso, en Madrid⁷⁰ se teñen constatado entre as mulleres subsaharianas, xornadas laborais de 12 horas diarias para poder acumular o antes posible a cantidade monetaria necesaria para saldar a débeda. Unha vez cancelada a débeda, a situación destas mulleres mellora, e moitas delas tentan regularizar a súa situación e saír do mundo da prostitución. Así, un

⁶⁶ Oso, Laura (2005): “Mujeres inmigrantes y prostitución en Galicia”, en Solé, Carlota e Izquierdo, Antonio (Coords): *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, pp. 119-135, p. 131.

⁶⁷ Servizo Galego de Igualdade (2004): *A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia (2004)*, Xunta de Galicia, p. 94.

⁶⁸ Médicos del Mundo (2005): *X Informe sobre exclusión social*, Médicos del Mundo, Madrid, p. 31, e Servizo Galego de Igualdade (2004): *A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia (2004)*, Xunta de Galicia, p. 94. .

⁶⁹ Oso, Laura (2005): “Mujeres inmigrantes y prostitución en Galicia”, en Solé, Carlota e Izquierdo, Antonio (Coords): *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, pp. 119-135, p. 131.

⁷⁰ Médicos del Mundo (2005): *X Informe sobre exclusión social*, Médicos del Mundo, Madrid, p. 34.

itinerario habitual de moitas mulleres nixerianas é o seguinte: poden traballar de 2 a 4 anos na prostitución, e logo tentan “refacer” as súas vidas, segundo elas mesmas comentan. Aínda así, segundo as nosas informantes, a inserción laboral para as mulleres africanas, (traballaran ou non no eido da prostitución), é moi difícil, e as ocupacións ás que soen acceder se limitan ó traballo en fábricas ou de axudantes de cociña. Nestas circunstancias, saír da irregularidade é unha meta moi difícil de acadar, mais ben a irregularidade na prostitución convértese nun círculo pechado, como consecuencia de moi diversos factores: por unha banda, como sinala Laura Oso⁷¹, o primeiro nó desta cadea o constitúe a política migratoria española, xeradora dunha bolsa de irregulares; por outra banda, máis alá das concepcións teóricas respecto á regulación ou non da prostitución, o feito de que non estea recoñecida legalmente impide *de facto* poder empregar esta actividade para poder saír da irregularidade administrativa. Así mesmo, os individuos e as redes implicadas no tráfico de inmigrantes tamén posúen intereses en que se prorrogue a irregularidade destas mulleres.

Por outra banda, outro dos factores clave que afectan dun xeito negativo ás mulleres nixerianas que exercen a prostitución, e que subliñan as persoas que traballan con elas é a maior vulnerabilidade que posúen as mulleres nixerianas en canto ó xeito de enfrontarse psicoloxicamente a esta actividade. É dicir, a algunhas destas mulleres nixerianas lles custa moito aceptar o seu propio traballo na prostitución, debido a que moitas delas son relixiosas (principalmente musulmanas ou cristiás), e posúen unha carga moral sobre a sexualidade bastante forte, o que fai que o exercicio da prostitución lles afecte dun xeito especialmente negativo a súa autoestima. Segundo as traballadoras das entidades coas que falamos, case ningunha traballaba na prostitución en Nixeria, un dato que se confirma tamén para o conxunto das mulleres procedentes dos países subsaharianos: segundo Médicos do Mundo, na maioría dos casos, (ata o 90%, no caso de Cataluña), ningunha das mulleres subsaharianas atendidas refería ter exercido a prostitución antes de chegar a España.

A maiores deste aspecto, moitas proceden de familias extensas, ás que regularmente envían remesas, polo que senten unha presión familiar moi forte para enviar diñeiro, ó mesmo tempo que se ven na obriga de ocultar a súa verdadeira ocupación en Galicia.

⁷¹ Ibídem, p. 132.

Polo tanto, estas mulleres nixerianas a miúdo protagonizan uns proxectos migratorios de mobilidade social en función dun forte “compoñente familiar”⁷² máis que individual.

Nesta liña, unha das entrevistadas nos comentou que en realidade a prostitución é vista como un sacrificio temporal que lle toca pasar, xa que a prioridade para ela é a súa familia, non ela mesma. Un fenómeno semellante tamén se detectou nunha investigación sobre mulleres marroquinas en Barcelona⁷³, as cales se ven na obriga de ocultar o seu traballo no seno da súa familia ou ós ollos da comunidade marroquina, porque saben que a actividade realizada é considerada un pecado no islam (*zina*) representa a perda de honor, é inaceptable socialmente, polo que resulta bastante difícil para elas tratar de interpretar e xustificar a súa actitude, fronte a esa necesidade persoal de sentirse dentro da corrección social. Este ocultamento resulta moi habitual no caso das mulleres nixerianas, as cales soen ser tamén moi herméticas en canto a falar doutros aspectos da súa vida, tal e como puidemos comprobar no traballo de campo. Nesta liña, resultou especialmente difícil tocar o tema da prostitución coas mulleres entrevistadas, xa que moitas “desconfían” do uso que se vai facer con esa información, mostrando preocupación de que as entrevistas poidan saír nalgún medio de comunicación, (os cales soen perseguir as historias máis dramáticas e morbosas sobre a prostitución, como elas saben). Esta entrevistada o expresa nas súas palabras ó ser preguntada polo tipo de traballo que realizaba en Madrid, (onde exercía a prostitución).

“Esto no sale en tele Galicia o en el periódico, a veces te hacen preguntas así y te salen en la televisión, que lo ven luego,..., no, si yo no tengo problema, no tengo problema, pero después salen cosas” (E8, 26 anos, na actualidade en busca de emprego, reside en Vigo dende 2005, está casada).

En fin, non resulta sinxelo obviar ó estudar este tema, que na nosa sociedade a prostitución é unha actividade tabú, e que a muller que a exerce queda marcada co estigma da que realiza unha actividade socialmente ilegal (moralmente incorrecta para as culturas cristiá e musulmana)⁷⁴. Esta estigmatización social orixina en moitas

⁷² Oso, Laura (2005): “Las jefas de hogar en un contexto migratorio: modelos y rupturas”, en Checa e Olmos, Francisco (ed): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 85- 104, p. 87.

⁷³ Carmona, Sara (2000): “Inmigración y prostitución. El caso del Raval (Barcelona)”, *Papers* N° 60, pp. 343- 354, p. 354.

⁷⁴ *Ibíd.*, p. 353.

mulleres un sentimento de vergoña e de culpabilidade que engade maiores dificultades ás vidas das mulleres que exercen esta actividade.

8.- ANÁLISE DE ESTEREOTIPOS SOBRE AS MULLERES SUBSAHARIANAS

8.1.- A inmigración feminina e a prensa: os achegamentos teóricos

A partires do traballo de campo, se puido detectar o impacto que posúe para as mulleres subsaharianas os estereotipos que as acompañan de xeito cotiá no seu contacto coa sociedade de acollida. Este feito motivou o interese por dedicar un apartado específico neste traballo á análise dos estereotipos que perseguen ás mulleres subsaharianas, dedicándolle unha especial atención á análise de prensa. Unha atención xurdida da constatación de que os medios de comunicación son, na actualidade, o principal instrumento utilizado para modelar a opinión pública e establecer as pautas de consenso étnico dominante (conxunto de normas, valores, actitudes, opinións e prexuízos) sobre o que se edifican as relacións de poder nas sociedades modernas. Constitúen ademais o principal medio de adquisición de coñecementos sociais sobre cuestións étnicas ó tempo que ofrecen un marco ideolóxico para a interpretación dos sucesos étnicos⁷⁵. Nesta liña, o especialista en análise do discurso Teun A. van Dijk⁷⁶ subliña como os medios de comunicación constrúen o consenso étnico que conforma as ideoloxías e prácticas racistas da nosa sociedade.

En primeiro termo, hai que sinalar que non son moitos os estudos que teñan traballado a temática da inmigración feminina na prensa. Como sinala Estela Rodríguez⁷⁷, os debates acerca de como debían representar os medios ás outras culturas e se estas representacións afectan á consolidación dunha opinión pública en temas interculturais, non comezan ata fai tan só uns anos. Este é un enfoque metodolóxico máis desenvolvido en lugares onde pasado multicultural está máis asumido, como Estados Unidos ou Reino Unido, e onde os colectivos de inmigrados/as teñen accedido, aínda que de xeito minoritario, ós postos de xornalistas e produtores dos medios de comunicación.

Polo tanto, as investigacións realizadas no contexto español sobre esta temática son poucas, mais, a pesares desa escaseza, hai que subliñar que as investigacións realizadas

⁷⁵ Mugak (1997): “Medios de comunicación, élites y crítica del discurso”, en *Mugak*, Nº 2, (editorial).

⁷⁶ Van Dijk, Teun A. (1997) : *Racismo y análisis crítico de los medios*, Paidós, Barcelona, p. 99.

⁷⁷ Rodríguez, Estela (2005): “Mujeres inmigradas y medios de comunicación. Movimientos sociales en búsqueda de una representación propia”, en Checa e Olmos, Francisco (ed.): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 169- 192, p. 170.

ata o de agora posúen, dende a miña opinión, unha moi boa calidade. Así, o texto de Mary Nash, “Inmigrantes en nuestro espejo”⁷⁸, abarca dun xeito moi profundo o reflexo da inmigración na prensa, dedicándolle moita atención á imaxe que transmiten das mulleres inmigrantes. Esta historiadora fai fincapé en dúas características que se repiten na prensa en relación ás mulleres inmigrantes:

1.- A pouca presenza das mulleres inmigrantes neste tipo de medios. Dáse unha evidente invisibilización das mulleres como suxeitos autónomos nas migracións. Este silencio invisibiliza ás inmigrantes creando unha corrente de opinión pública que minimiza a súa presenza e a súa aportación social⁷⁹. Esta invisibilidade se reflexa no tipo de linguaxe que emprega o discurso xornalístico, que usa o xenérico masculino como norma. Así, son habituais na prensa os termos como os “ilegais”, os “sen papeis” ou os “costas molladas”, todos termos que se redactan en masculino. Como sinala a autora resulta especialmente chocante o termo en masculino “costas molladas”, dado que tanto en galego como en castelán, o termo “costas” é de xénero feminino.

2.- A segunda característica que se subliña en “Inmigrantes en nuestro espejo” é a estereotipación en relación á domesticidade da que son protagonistas as mulleres inmigrantes. Deste xeito, nas poucas ocasións nas que se desenvolve unha nova sobre a presenza de mulleres nas pateras, se destaca sempre a existencia de mulleres embarazadas, ademais dende un enfoque victimista e de desamparo. Na medida na que se destaca a figura dunha muller inmigrante, se acentúa o seu status familiar, de xeito que sobrevive na prensa o arquetipo tradicional de muller casada, dependente, pasiva e marxinal da sociedade. Ademais deste arquetipo tradicional, “Inmigrantes en nuestro espejo” tamén denuncia o feito de que a imaxe das inmigrantes estea asociada a miúdo coas desgracias, fenómeno semellante ó que pasa coas autóctonas. Un triste exemplo mencionado por Nash resulta clarificador: a cota de visibilidade das mulleres (tanto inmigrantes como autóctonas), na prensa soe estar asociada a “problemas” como os malos tratos ou a violencia.

Dende a miña perspectiva, esta denuncia non conleva que non se deba informar sobre os

⁷⁸ Nash, Mary (2005): “Inmigrantes en nuestro espejo. Inmigración y discurso político en la prensa española”, Icaria, Barcelona.

⁷⁹ Ibídem, p. 104.

actos de violencia contra as mulleres, senón que o que resulta chocante é que estas sexan case as únicas informacións cotiás con protagonismo feminino, agochando outras novas de diferente natureza que reflexen dun xeito máis real a diversidade de situacións das mulleres, tanto positivas como negativas. Por exemplo, no caso das inmigrantes, case nunca se fai alusión a aspectos positivos, como as súas aportacións culturais, económicas, os eventos nos que participan, as empresas que crean, etc. Tamén deberían ser novas os problemas e as dificultades deste colectivo, pero non só o caso da violencia; xa que as inmigrantes tamén se ven afectadas, e moito, por estar empregadas en postos por debaixo da súa cualificación, por problemas de tramitación da documentación, polo illamento que sofren na sociedade de destino, etc.

Estes dous eixes detectados por Mary Nash na súa investigación, se tratarán de contrastar no seguinte apartado, cando se analice a prensa escrita en relación ás mulleres subsaharianas, tanto en Galicia como no resto do Estado, para detectar se estes estereotipos se reproducen e que especificidades presenta a imaxe dada na prensa das inmigrantes subsaharianas. De tódolos xeitos, o estudo de Mary Nash supón un punto de partida moi válido para novas investigacións.

En segundo lugar, outra autora, neste caso antropóloga, que traballou este eido é Dolores Juliano⁸⁰, a cal chega a conclusións moi semellantes ás de Mary Nash. Detecta tamén no seu estudo, as claras diferencias entres os discursos sobre as mulleres inmigrantes e sobre os homes nos medios. En xeral, os discursos referidos ás mulleres inmigrantes conceptualizan as migracións das mulleres en base a causas familiares. Neste senso, Juliano subliña como no caso das mulleres non se espera que actúen baixo motivacións egoístas (dereito que si se atribúe ós varóns), senón por solidariedade. Mais, a antropóloga subliña, como é habitual na súa liña teórica, que, “sen embargo as mulleres non teñen unha imaxe victimizada delas mesmas, e con frecuencia desenvolven modelos positivos de autovaloración”⁸¹

A súa vez, Juliano concorda co dito arriba, ó subliñar de novo que a invisibilización das mulleres nos procesos migratorios non é un asunto novo. Neste senso, recolle as

⁸⁰ Juliano, Dolores (1998): *Las que saben. Subculturas de mujeres*, horas y Horas, Madrid.

⁸¹ *Ibíd.*, p. 99.

palabras de Cristina Borderías, cando sinala como as migracións internas a Cataluña tamén foron interpretadas como un fenómeno masculino⁸².

En terceiro lugar, é de salientar a investigación levada a cabo por El- Madkouri Maataoui⁸³ a través da análise discursiva da prensa española en relación á muller árabe. Mediante o seguimento da prensa española ó longo dunha década, sinala como a muller árabe aparece sempre relacionada con algúns dos seguintes temas, ou con todos eles: a muller e a relixión, muller e islamismo, muller e machismo árabe, muller e liberdade, muller e inxustiza xurídica, muller e xeopolítica, ou muller e crise. El- Madkouri conclúe que no seu seguimento non observou ningunha muller peor caracterizada que a árabe, que é visualizada como a máxima representante da submisión e a discriminación de xénero. É preciso lembrar que neste discurso victimista das “inmigrantes árabes”, se realiza a operación de ignorar a produción intelectual e política das mulleres nas sociedades árabes, o cal reproduce todo un cúmulo de tópicos sobre as mulleres migrantes marcados por uns fortes prexuízos etno e androcentristas⁸⁴. Fronte a este tipo de descrições, resultan clarificadoras as exposicións que, por exemplo, autoras magrebíes⁸⁵ fan do papel económico, político, cultural, etc., que as mulleres desempeñaron e desempeñan nos seus respectivos grupos de pertenza. Ademais, nesta operación, paralelamente a esta circunscrición das discriminacións ós seus grupos de pertenza, se está ocultando a relación existente entre esta “situación de discriminación” e as dinámicas, estruturas e procesos que atravesan e configuran a sociedade de acollida. En relación ó carácter pexorativo co que se soe ollar á relixión musulmana dende a prensa, analizarase no apartado seguinte como afecta a relixiosidade das mulleres subsaharianas a súa imaxe na prensa. Mais, podemos ir adiantando que o que impera no caso das mulleres subsaharianas é o descoñecemento cara as súas lealdades relixiosas. Nesta liña, a prensa reduce ás mulleres musulmanas ás mulleres marroquinas, invisibilizando a moitas mulleres africanas subsaharianas, e homoxeneizando un só modo de ser musulmana.

⁸² Ibídem, p. 101.

⁸³ El- Madkouri Maataoui, Mohamed (2004): “Mujer árabe y prensa española: representaciones de un colectivo migrante”, *Asparkía investigación feminista*, Nº 15, pp. 173-191, p. 173.

⁸⁴ Santamaría Lorenzo, Enrique (1996) “Relativismo cultural y construcción del género en el discurso sobre la “inmigración no comunitaria”, en Brullet, Cristina e Carrasquer, Pilar (comp.): *Sociología de las relaciones de género*, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 75- 84.

⁸⁵ Mernissi, Fatema (1992): *El miedo a la modernidad. Islam y democracia*, Ed. Oriente y Mediterráneo, Madrid.

Por último, en canto a estudos que tocan a análise de prensa da inmigración dende unha perspectiva de xénero en Galicia, detectouse unicamente un libro: “A inmigración na prensa galega”⁸⁶, o cal dedica un capítulo á análise dos estereotipos de xénero asociados ás mulleres inmigrantes na prensa galega. Esta investigación realizou un seguimento xornalístico durante 4 semanas de 2006 repartidas por varios meses, (marzo, abril, maio e xuño), o que lles permitiu obter unha mostra de 417 novas, a partir da análise dunha gran variedade de diarios: 9 de difusión non gratuíta, (Atlántico Diario, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, El Ideal Gallego, La Opinión de A Coruña, El Progreso, La Región e La Voz de Galicia), e 3 de difusión gratuíta, (Metro, Qué diario e 20 minutos). En xeral, esta investigación pon nome a un fenómeno xornalístico, pero tamén social: a “paterización do discurso xornalístico”. Este concepto quere denunciar a idea preconcebida de que tódolos/as migrantes veñen en patera, (ou en caiuco, termo que está máis de moda ultimamente nos medios). Pola contra, e dado que a inmigración maioritaria en España, (e en Galicia), procede de Latinoamérica, a ampla maioría da inmigración emprega o avión como vía de entrada no país. Deste xeito, esta investigación detecta que a orixe dos/as protagonistas das novas, maioritariamente proceden de África, (un 45,8 %), cando este colectivo non son maioría nin en España e moito menos en Galicia. O que non contrasta este estudo especificamente é a diferenza entre varóns e mulleres africanos/as nas novas, unha temática que se abordará abaixo. En todo caso resulta chocante que, como sinalan os/as autores/as, a inmigración, como fenómeno mediático, veña en barca e proveña de África, xa que, como se sinalou, a maioría da migración non procede do continente africano, e tampouco é certo que a inmigración africana en xeral empregue a patera como vía de entrada.

O que máis nos interesa aquí é o trato que da a prensa en relación ás mulleres inmigrantes. Galicia, neste caso, non é unha excepción: na nosa Comunidade, a pesares de que a inmigración feminina no ano de realización do estudo, en 2006, representaba o 51%⁸⁷ do total da poboación estranxeira empadroada, a presenza da inmigración feminina nos medios sen embargo é só do 4,4%; porcentaxe que ademais se concentra en subtemas moi particulares relacionados con prostitución, ilegalidade ou similares.

⁸⁶ Barba Montserrat, Cortés Adriana, García Pilar, Rúas José (2007): “A inmigración na prensa galega. O reflexo da diversidade. Perspectiva teórica e análise socio-estatística”, Universidade de Vigo, A Coruña.

⁸⁷ Fonte: Padrón INE, 2006.

“A inmigración na prensa galega” en relación ás mulleres inmigrantes presenta unhas conclusións devastadoras, así se subliña: “Nas semanas analizadas constátase, entón, non só que a temática da muller se trata en menos de 5 de cada 100 noticias publicadas en Galicia en relación á inmigración, senón ademais que case a metade desta pequena proporción (41, 7%), está tratada en ton de conflito ou explotación⁸⁸”. Neste senso, a prostitución é un eido temático repetido nas novas cuxas protagonistas son mulleres inmigrantes; nestes casos, a nacionalidade sempre se destaca, fenómeno que non acontece coa clientela. Para rematar, salientar os termos máis destacados nos artigos analizados por este estudo en relación ás inmigrantes: redes, explotación, prostitución (termo maioritario), estranxeiras, inmigrantes, escravismo, delicto, axuda, explotación e colaboración⁸⁹. Estes termos falan por si mesmos. Pola contra, case non atoparon nesta investigación referencia a temas educativos ou interculturais.

8.2.- Análise de prensa sobre as mulleres subsaharianas en Galicia: discursos que estigmatizan

A análise de prensa realizada para o presente traballo comprende os meses de febreiro e marzo de 2008, para os xornais de difusión non gratuíta “La Voz de Galicia”, (o de maior tirada en Galicia), e “El País”, (o de maior tirada en España). Como se comentou no apartado metodolóxico, co obxectivo de poder comparar a visión da prensa autóctona e da prensa destinada ós/ás inmigrantes, realizouse tamén o seguimento dun xornal de difusión gratuíta e destinada a inmigrantes “Latinoamérica exterior” para os mesmos meses de febreiro e marzo de 2008; neste caso, a periodización deste xornal é bimensual. A pesares de que este xornal está máis ben destinado ós/ás migrantes latinoamericanos, é o xornal máis relevante dirixido ó colectivo inmigrante en xeral, o que motivou incluílo neste seguimento.

Elixíronse os meses de febreiro e marzo debido á entrada e desenvolvemento da campaña electoral para as Eleccións Xerais do 9 de marzo de 2008, un período no que o tema da inmigración formou parte do debate político. Escoller un período no que se

⁸⁸ Barba Montserrat, Cortés Adriana, García Pilar, Rúas José (2007): “A inmigración na prensa galega. O reflexo da diversidade. Perspectiva teórica e análise socio- estatística”, Universidade de Vigo, A Coruña, p. 126.

⁸⁹ Ibídem, p. 131.

visibiliza a inmigración, podería facernos pensar a priori que as mulleres subsaharianas tamén recibirían unha maior atención por parte da prensa escrita, mais, como se verá a continuación, esto non foi o que se reflexou nos medios estudados.

A análise de prensa levada a cabo ten como obxectivo capturar as novas relativas á inmigración subsahariana, tanto con protagonistas masculinos como femininas. A decisión de abarcar a homes e mulleres subsaharianos/as obedece a que este é o xeito de poder comparar o tratamento informativo en función do sexo dos/as protagonistas. A análise que seguiremos será fundamentalmente cualitativa e textual, é dicir, se analizará o tratamento informativo que recibe a inmigración masculina e feminina, subliñando as diferentes estratexias textuais que se aplican ás informacións sobre uns e outras. Especificamente, ademais da palabra escrita, a representación mediante imaxe das mulleres subsaharianas tamén será de interese co obxectivo de afondar na análise de estereotipos. Nesta análise de prensa se pretende ter en conta non só o que se di, senón tamén o que non se di, xa que, como subliña Clara Pérez⁹⁰, esta idea é fundamental á hora de analizar os mecanismos que invisibilizan ás mulleres inmigrantes.

En primeiro termo hai que sinalar que todo o continente africano posúe unha invisibilización moi acusada na prensa analizada nestes meses, ausencia que resulta máis acusada para o diario “La Voz de Galicia”, o que contrasta co sinalado no texto de “A inmigración na prensa galega”, onde si se detectaba unha maior representación da inmigración africana. Tanto en “El País” como en “Latinoamérica exterior” existe unha maior presenza dos/as migrantes subsaharianos/as, aínda que con certas peculiaridades para cada xornal, sobre as que se afondará a continuación. Analizarase cada mes por separado, para ir vendo a atención que cada xornal lle presta ás novas acontecidas no mesmo período temporal.

No mes de febreiro, no caso de “La Voz de Galicia” non se atoparon alusións á inmigración subsahariana. Só se detectou unha nova na que se menciona a Sudáfrica, (pero non en relación a inmigración), senón que se trata dunha nova relativa á presentación dun espectáculo sobre este país, tal e como se pode ver na Imaxe 1. O

⁹⁰ Pérez, Clara (2003): “Género y discursos sobre la inmigración en la prensa” en Aierbe, Peio, Díaz, Ismael, Martínez, Raúl, Mazkaran, Mikel e Pérez, Clara: *Análisis de prensa 2002. Inmigración, racismo y xenofobia*, MUGAK, Donosti, pp. 123- 171, p. 129.

sorprendente do caso é que esta nova sexa a única que fai referencia en todo o mes de febreiro ó continente africano; unha nova que presenta ós/ás protagonistas vestidos con roupa tradicional sudafricana. Debido a que esta é a única imaxe sobre o continente africano se cae, dende a miña perspectiva, nun reduccionismo significativo, e reproduce unha imaxe do continente moi estereotipada.



“La Voz de Galicia”, 19 de febreiro 2008, p. L2.

En segundo lugar, neste mes de febreiro de 2008, tamén foi analizada para “La Voz de Galicia”, a sección de “anuncios por palabras”, única sección do xornal na que as mulleres de diferentes nacionalidades estranxeiras destacan polo seu volume. Así, son moi numerosas as referencias a, sobre todo, mulleres brasileiras, pero tamén a mulleres cubanas ou colombianas. En cambio, non se atopou referencia a nacionalidades africanas, se supón que debido ós prexuízos raciais na prostitución. Neste senso, si existen referencias nos anuncios a termos como “barbie de chocolate” e “mulata”, mais sen que se explicita a nacionalidade. Este é un exemplo dos diferentes estigmas que posúen as mulleres estranxeiras, facendo claras diferencias segundo o país de procedencia: así, semella que as mulleres brasileiras son as que soen ser asociadas con termos como “cariñosas”, “fogosas”, motivo polo que nestes anuncios as propias protagonistas fan referencia a súa nacionalidade.

En canto ó xornal “Latinoamérica Exterior”, se atopou en febreiro unha nova dedicada a unha senegalesa, Kaddy Koita, a cal asesorará á Comunidade de Madrid na promoción en dereitos humanos da muller. Esta nova se contextualiza no “Día Mundial da Tolerancia Cero contra a Mutilación sexual”, polo que se repite o detectado polo estudo de Mary Nash: a aparición dunha nova sobre a inmigración africana posúe unha estreita relación coa violencia, neste caso, coa mutilación sexual. Mais, hai que matizar que na redacción da nova se parte das propias mulleres africanas como mediadoras neste problema de violencia, unha perspectiva que non é habitual nos medios, e se recolle as cualidades da senegalesa Kaddy Koita para realizar este traballo, a través da ONG “La palabra”.



Latinoamérica Exterior, 15 de febreiro de 2008, p.13.

En canto a “El País”, hai que sinalar que neste diario si se detectou unha maior presenza do eido temático da inmigración. Por unha banda, o “Contrato de integración” para os/as inmigrantes proposto por Mariano Rajoy na campaña electoral ocupou varios días as páxinas deste xornal, motivando un debate respecto a este tema. Mais, neste debate, a inmigración é conceptualizada dun xeito xeral e homoxénea, sen atender ás especificidades culturais ou de xénero que máis nos interesan neste traballo. Así, a pesares de que neste mes e a partir da caldeada campaña electoral aumentaron

considerablemente a cantidade de novas relativas á inmigración, as mulleres subsaharianas continuaron totalmente “invisibilizadas”, tamén nestas datas. As únicas mulleres inmigrantes que apareceron nos “especiais” deste xornal foron algunhas mulleres marroquinas (musulmanas), en calidade de portadoras do “hijab”. É dicir, foron protagonistas das novas dende o estigma, dende a alteridade, e fixándose só nun único aspecto da súa vestimenta, sen afondar na situación social ou económica destas mulleres; un fenómeno que non se atopa illado. Tal e como sinala Clara Pérez, a partires dos resultados da súa análise de prensa levada a cabo en 2002, as mulleres aparecen habitualmente como vítimas dos varóns da súa comunidade, xa sexa porque o uso do hijab se interpreta como unha imposición machista ou porque son presentadas como vítimas de tráfico de mulleres para a súa explotación sexual⁹¹. É máis, no período estudado por esta autora, a nova “estrela” foi o uso do hijab na escola.

En calquera caso, o feito de que as mulleres subsaharianas non leven velo, a pesares de que moitas posúen unha relixiosidade musulmana, as fai moito “menos interesantes” para o morbo xornalístico, o que explica a súa menor presenza nos medios. Polo tanto, o reduccionismo que opera nos medios de comunicación, (e no discurso político, a opinión pública, ...), dedicándolle atención unicamente ás mulleres árabes e musulmanas posúe unhas implicacións moi graves: xa que, se como sinalaba El-Madkouri as mulleres árabes son visualizadas na prensa como as máximas representantes da submisión e a discriminación de xénero, e estas mulleres son as que maior protagonismo cobran nos medios como “mulleres inmigrantes”, a estigmatización do conxunto das mulleres inmigrantes xa está servida. Neste senso, non podemos esquecer que as diferencias que portan as mulleres inmigrantes en canto as súas características fenotípicas e culturais son interpretadas e cargadas de valoracións coa finalidade de manter relacións de desigualdade. Estes estereotipos, como nos comenta Nash⁹², están aínda na actualidade moi influídos polo discurso colonial⁹³, no senso de que a traxectoria histórica segue condicionando hoxe en día moitas actitudes en torno á

⁹¹ Ibídem, p. 168.

⁹² Nash, Mary: “Construcción social de la mujer extranjera” en Roque, María-Àngels (dir.): *Mujer y migración en el Mediterráneo Occidental: tradiciones culturales y ciudadanía*, Icaria, Barcelona, 2000, pp. 275-290.

⁹³ Nesta liña, o pasado colonial tanto de Senegal (Francia protagonizou neste país unha colonización que durou máis dun século, de 1850 a 1959), como de Nixeria (baixo o dominio británico dende 1901 ata 1960), posúe unha influencia importante para a inmigración procedente destes países. Para afondar na historia de colonización de África, ver: Iniesta, Ferrán (1998): *Kuma. Hisotira del África negra*, edicions bellaterra, Barcelona.

diferencia e á diversidade, fenómeno polo que se fai tan necesario plasmar as verdadeiras e diversas realidades deste colectivo.



El País, 10 de febreiro de 2008, Especial Vida & Artes, p. 36 e 37.

A modo de síntese do debatido a partires deste suposto “contrato de integración”, recóllese abaixo unha viñeta de El Roto, que dun xeito humorístico critica o concepto de “integración” que subxace nesta proposta: o texto do debuxo di: “Inmigrantes bailando una jota en un control de integración”.



El País, 13 de febreiro de 2008, p.32.

A incursión do tema da inmigración na campaña electoral como arma política, desatou dúbidos mensaxes contrapostos por parte dalgúns políticos. Podemos volver ó exemplo do “contrato de integración” proposto por Rajoy. Este contrato supón o endurecemento do discurso fronte á chegada de inmigrantes, vinculándoos/as á delincuencia e facendo énfase no lema do “Non cabemos”. Mais, días despois do anuncio desta proposta, o 29 de febreiro, podemos velo nun mitin bicando a unha muller senegalesa, a única imaxe dunha muller subsahariana neste mes neste diario.



El País, 29 de febreiro de 2008, p. 13.

Por outra banda, neste mes de febreiro o xornal “El País” tamén presentou novas relacionadas coa chegada de caiucos dende diferentes países subsaharianos. Nestas novas, (algunha, como a recollida abaixo, en portada), tódalas fotografías aluden a varóns. Tamén na palabra escrita, sempre que se fala de inmigración dun xeito xeral, se fai no “xenérico masculino”. O pé de foto da imaxe de abaixo di: “uno de los 131

inmigrantes llegados ayer a Tenerife a bordo de un cayuco”. O conflito que xera o uso do xenérico masculino é evidente: lendo este pé de foto e a nova ó seu completo, non se pode estar segura de se tódalas persoas que chegaron esa noite ás costas de Tenerife eran varóns, ou tamén se contaban entre elas mulleres subsaharianas.



El País, 28 de febreiro de 2008, Portada.

O feito de que nos medios se empregue o termo “subsaharianos” para referirse a dous casos diferentes, (referíndose a unha totalidade de varóns e referíndose ó conxunto de varóns e mulleres), ademais de ser unha evidente discriminación sexista, dificulta a miúdo entender dun xeito completo a información. En “La Voz de Galicia” do mes de marzo, temos un novo exemplo de uso do “xenérico masculino” no seguinte titular: “Un informe de la UE acusa a España de maltratar a los “sin papeles”. Lendo este titular cabería pensar que tódalas persoas sen papeis son varóns, o cal obviamente, non se axusta á realidade. Tamén no pé de foto, detectamos un novo uso confuso do xenérico masculino, xa que o pé de foto di: “Inmigrantes subsaharianos en un centro de acogida en Melilla, en el que duermen en tiendas de campaña”. Na mesma foto, se pode observar que aínda que maioritariamente hai varóns, tamén se poden distinguir a mulleres; polo tanto, o texto do pé de foto oculta unha parte da realidade que impide comprender a información dun xeito axustado.



La Voz de Galicia, 4 de marzo de 2008, p. 20

Como se recolle en *El sexo de la noticia*⁹⁴, a mesma evolución da lingua comeza a cuestionar o uso do xenérico masculino xa que identifica home con persoa, e polo tanto, confunde unha parte da realidade co todo. Deixa ás mulleres como un caso específico, como excepción da norma. Deste xeito o uso indiscriminado do xenérico masculino produce un efecto ocultador; pero non só oculta ás persoas, tamén pon diante unha pantalla de determinadas situacións, como unha cortina de fume. A miúdo para defender o uso do xenérico masculino se alude ó mito do antiestético da repetición ou á economía da linguaxe, mais nomear a homes e a mulleres cando a comprensión da información o require non se pode considerar repetición, senón dicir as cousas polo seu nome, ou simplemente ser fiel á realidade porque a realidade dos homes e das mulleres non sempre é coincidente. En síntese, o masculino xenérico demostran a súa incapacidade para representar verdadeiramente a realidade, polo que as autoras do citado libro, nomean a esta situación de “confusionismo latente”⁹⁵.

Pasando ó mes de marzo, se detectou en “El País”, un exemplo moi evidente acerca da confusión que provoca o uso do xenérico masculino. Así, nunha nova que informa sobre o nacemento dun videoxogo que recrea as dificultades da vida de persoas refuxiadas co

⁹⁴ Bach, Marta, Altés, Elvira, Gallego, Joana, Plujà, Marta e Puig, Montserrat (2000): *El sexo de la noticia*, Icaria, Barcelona, p. 32

⁹⁵ Ibídem, p. 32- 33.

fin de sensibilizar ás persoas con esta problemática, se presenta a unha muller subsahariana cun bebé nos brazos, con este titular ó lado: “Ser un refugiado ante la pantalla”.



El País, 8 de marzo de 2008, p. 72.

Neste mes de marzo, os temas que se repiten son en boa medida os suscitados pola campaña electoral en relación á inmigración. Así, con anterioridade ás eleccións do 9 de Marzo se seguiu debatendo sobre a proposta do “contrato de integración” de Mariano Rajoy, e con posterioridade ó 9 de Marzo se sucederon as reflexións sobre o tratamento do tema da inmigración en toda a campaña electoral, facendo unha especial fincapé no tema de canto aportan os inmigrantes varóns, (dende diferentes nichos laborais: na construción, na pesca, ou no Exército), ó crecemento económico de España. As novas sobre o mercado laboral e a inmigración soen ser protagonizadas por varóns, e só en “El País” atopamos un caso no que se alude á importancia das mulleres latinoamericanas como coidadoras de persoas dependentes. Mais, de novo, as mulleres subsaharianas resultaron ausentes no protagonismo das informacións, coa excepción que se comentará a continuación. Na sección de Galicia do 17 de marzo se recolle unha entrevista a Hortense Bgbapai en calidade de militante do Partido Popular e como Presidenta dunha asociación de inmigrantes en Vigo, a “Asociación para la Integración y el Desarrollo del Africano” (AIDA). Neste caso si se visibiliza o traballo dunha muller subsahariana, (Hortense é congoleña), destacándose o seu papel político e asociativo.



El País, 17 de marzo de 2008, p. 8.

Mais, esta nova, dada a análise de prensa realizada, semella ser a excepción que confirma a norma. Case sempre que se escribe ou se representa ás mulleres inmigrantes, se fai a partires dos propios estereotipos dos/as xornalistas, reducindo a inmigración feminina ás mulleres marroquinas, musulmanas e que empregan o hijab, unha parte pequena da inmigración feminina, que, como xa sabemos, procede maioritariamente de Latinoamérica. En fin, se podería dicir que se da un caso de “hijabización” de toda a inmigración feminina, o que se emprega para lexitimar un discurso anti- inmigratorio, un discurso que en palabras de Ángeles Ramírez⁹⁶, emprega o hijab como parte do discurso da exclusión do/a estranxeiro/a.

A única nova durante estes dous meses dedicada integramente a mulleres subsaharianas no diario “El País” é un especial dominical sobre “botín de Guerra”, que relata as duras experiencias das mulleres de O Congo, violadas e maltratas neste conflito armado. Dende a miña perspectiva, estas novas teñen que saír á luz para denunciar este tipo de situacións, mais non deberían ser a única referencia que chega á sociedade española sobre as mulleres subsaharianas, xa que provoca no/a lector/a a construción dun estereotipo moi estrito sobre as mulleres negras en xeral, homoxeneizándoas baixo o

⁹⁶ Artigo de Opinión recollido en El País: 4/03/2008.

prisma da traxedia e do victimismo. Nesta liña, como recolle Estela Rodríguez⁹⁷, hai que ter presente que os medios de comunicación forman parte dos axentes de produción de senso da percepción que temos das outras culturas. Esta mesma autora fai fincapé en como o discurso público inflúe notoriamente nas opinións da poboación receptora, xa que as novas que lemos no apartado internacional condiciónannos á hora de facernos unha determinada idea dos acontecementos que van ocorrendo en diferentes partes do mundo. Estes discursos resultan especialmente perigosos cando son afirmacións sobre elementos culturais, étnicos ou relixiosos e non se ten contacto verdadeiro coa información orixinal nin cos colectivos analizados⁹⁸.



El País, 23 de marzo de 2008, p. 2.

En segundo lugar, en “La Voz de Galicia” para o mes de marzo, é de destacar a escaseza de novas en relación á inmigración. Só se detectaron dúas novas en relación a esta temática, unha delas en relación ós centros de acollida, e outra referente á incidencia do desemprego inmigrante no sector da construción. Nas páxinas deste xornal, polo tanto, se da unha ausencia importante do colectivo inmigrante en xeral, e das mulleres migrantes en particular.

⁹⁷ Rodríguez, Estela (2005): “Mujeres inmigradas y medios de comunicación. Movimientos sociales en búsqueda de una representación propia”, en Checa e Olmos, Francisco (ed.): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 169- 192, p. 170.

⁹⁸ *Ibíd.*, p. 175.

En canto a “Latinoamérica Exterior”, resulta interesante ver como se informa acerca de acontecementos semellantes dende unha óptica ben diferente. Así, en resposta á campaña electoral, este xornal recolle na primeira quincena de marzo o seguinte titular: “Más de diez mil personas se manifiestan en toda España por los derechos de los inmigrantes”. A esta nova a acompañan 3 fotografías nas que se poden ver migrantes de diferentes procedencias (subsaharianos/as, latinoamericanos/as, etc.) levando pancartas que subliñan diferente tipo de demandas: “escolarización para todo/as”, “dereito a vivir e convivir”, “temos dereito a ter dereitos”. Neste caso, “Latinoamérica Exterior” optou por visibilizar ó colectivo inmigrante como suxeito de accións políticas, dedicándolle a portada ás protestas que protagonizaron no mes de marzo, motivadas pola xa nomeada proposta do “contrato de integración”. A foto que se recolle a continuación mostra a manifestación de Barcelona, coas mulleres inmigrantes como protagonistas, facendo visíbel as iniciativas políticas levadas a cabo por estas mulleres.



Latinoamérica Exterior, 1 de marzo 2008, p.2.

8.3.- O racismo na pel das inmigrantes

Para rematar este apartado será interesante afondar nos estereotipos e os estigmas que afectan ás mulleres subsaharianas dende a súa propia voz. Así, neste epígrafe se abordará a visión das propias migrantes respecto ás discriminacións das que son obxecto. Nas entrevistas en profundidade realizadas a discriminación máis salientada foi

a vinculada ó racismo. Aínda que por motivos de espazo non poderemos estendernos en todo o desenvolvemento teórico xurdido polo concepto de racismo e as súas vinculacións co sexo e a clase social, si resulta conveniente ofrecer unha definición clara do termo e as súas vinculacións simultáneas con outras opresións, para poder aplicala posteriormente ós discursos que foron saíndo no traballo de campo. Polo tanto, o noso obxectivo aquí, apunta fundamentalmente a visibilizar o dito polas propias entrevistadas, dende a súa visión como migrantes negras na sociedade galega.

A nosa ollada sobre o racismo que afecta ás mulleres inmigrantes subsaharianas contextualízase dende unha perspectiva de interrelación entre as variables do xénero, a etnia (ou raza), e a clase social. Ó falar das conexións destas tres categorías é preciso volver a resaltar que, como sinalan Anthias e Yuval-Davis⁹⁹, en gran parte, ó impacto dos movementos de mulleres negras e outros movementos minoritarios, e tamén á contribución dos movementos de mulleres do Terceiro Mundo. Dende esta perspectiva, resultan acertadas as palabras de Avtar Brah¹⁰⁰ cando sinala o feito de que parece imprescindible que non compartimentalicemos as opresións senón que formulemos, en vez desto, estratexias para desafialas conxuntamente sobre a base dunha comprensión de como se interconectan e articulan. En síntese, é a intersección de distintas formas de opresión o que é importante, e non poden tratarse coma se foran diferentes capas de opresión¹⁰¹.

Tendo en conta a interrelación destas tres categorías, resulta clarificador facer un achegamento a unha definición de racismo, coa que se traballará ó longo deste apartado. Seguindo a Claudio Bolzman¹⁰², se considerará que o racismo é unha relación social particular entre autores e vítimas na que interveñen elementos simbólicos e de poder. Trátase dunha “valorización xeneralizada e definitiva de diferencias biolóxicas (ou culturais), reais ou imaxinarias, en proveito dun/a acusador/a e en detrimento da súa

⁹⁹ Anthias, Floya e Yuval-Davis, Nira (2002): “Raza y género” en Terrén, Eduardo, (ed): *Razas en conflicto. Perspectivas sociológicas*, Anthropos, Barcelona, pp. 250- 262, p. 252.

¹⁰⁰ Brah, Avtar (2004): “Diferencia, diversidad, diferenciación” en hooks bell, Brah Avtar, Sandoval Chela, Anzaldúa Gloria, Levins Aurora, Alexander, Jacqui, Talpade, Chandra: *Otras inapropiables*, Traficantes de sueños, Madrid, pp. 107-136, p. 135.

¹⁰¹ Anthias, Floya e Yuval-Davis, Nira (2002): “Raza y género” en Terrén, Eduardo, (ed): *Razas en conflicto. Perspectivas sociológicas*, Anthropos, Barcelona, pp. 250- 262, p. 254.

¹⁰² Bolzman, Claudio (2000): “El racismo cotidiano: análisis y perspectivas a partir del punto de vista de las víctimas”, *Mugak*, N°13 .

víctima”. O/a actor/actriz racista se arroga entón o dereito de definir ó/á outro/a, negándolle toda subxectividade, descalificándoo/a. O/a “outro/a” non existe máis que como obxecto de dominación, como inferior, como alguén que non pertence á mesma categoría humana, polo que o/a autor/a considera como normal excluílo/a do seu mundo. O comportamento excluínste pode expresarse a través da violencia ou da discriminación. O que diferencia a violencia racista doutras formas de violencia é o feito de que as vítimas son seleccionados non en tanto que individuos senón na súa calidade de representantes de comunidades minoritarias imaxinarias baseadas en características fenotípicas e/ou na súa pertenza relixiosa ou nacional.

Tendo en conta esta definición, neste traballo serán as mulleres directamente afectadas as que definan os actos racistas, unha perspectiva empregada tamén por Bolzman e tomada da corrente sociolóxica do “interaccionismo simbólico”, segundo a cal, se as persoas definen unha situación como real, a situación é real. Esta perspectiva, como continúa Bolzman, é interesante non só porque recoñece a validez da experiencia e da percepción das persoas afectadas, senón porque esas experiencias subxectivas, constitúen indicadores fiables da discriminación.

Este autor, no seu traballo, perfila unha tipoloxía na que distingue catro formas de racismo: o racismo interpersoal, o racismo por abuso de función, o racismo institucional e o racismo doctrinario. Non entraremos na caracterización de cada un destes tipos de racismo, mais, á hora de recoller os discursos das entrevistadas afondaremos na contextualización deles segundo esta tipoloxía.

Tódalas mulleres subsaharianas entrevistada subliñaron ter sufrido algún episodio de racismo, (aínda que de diferente tipo ou intensidade), ou de xenofobia¹⁰³, o que nos dá un indicador da importante presenza de actos racistas na sociedade galega.

Comezaremos coas voces das mulleres senegalesas. En primeiro termo, dúas das entrevistadas subliñaron sentirse observadas con respecto á súa vestimenta tradicional.

¹⁰³ “A xenofobia é rexeitamento ou u odio á persoa de orixe estranxeiro. Non obstante, non é un comportamento uniforme con toda a xente con esta característica, senon que interactúa coa situación socioeconómica dos individuos non nativos e, en termos xerais, co nivel de racialización das relacións sociais”, en Malgesini, Graciela e Jiménez, Carlos (1997): *Guía de conceptos sobre migraciones, racismo e interculturalidad*, La cueva del oso, Madrid, P. 317, [traducción propia].

Así, en canto a como a sociedade de acollida reacciona ante elas, existe diversidade de opinións: mentres unha entrevistada comenta como os seus vestidos son tildados de “carnavalescos”, outra muller senegalesa sinala que a miúdo os/as veciños/as eloxian a vistosidade dos seus traxes. En calquera caso, ámbalas dúas comentan sentirse observadas, sentirse como as “outras”. Neste senso, creo que as palabras de Mary Nash resultan moi reveladoras, cando alerta sobre o perigo de esencializar ás mulleres inmigrantes en función das súas diferencias culturais, ou nas súas palabras: “etnizar as diferencias culturais e marcar ás mulleres como as portadoras de valores esenciais atemporais de estas representa a súa esencialización”¹⁰⁴.

“Sobre las mujeres, yo en verano siempre me pongo la ropa de mi país, más cómodo, y me gusta más, me siento más mujer, pero tampoco noto nada malo, me miran a veces, eh, que bonita, que guapa, pero nada más” (E6, 37 anos, traballa na casa e como limpadora, reside en A Coruña dende 2000, está casada e ten unha filla de 19 anos, un fillo de 17, outra de 14 e un de 4 anos).

“Cuando vamos en los bautizos, nos preguntan, qué, ¿Hay carnaval?, y nosotros no,..., nos vamos disfrazadas, ¿eh? es que es nuestra ropa,..” (E2, 36 anos, traballa nunha oficina pola semana e na venda ambulante as fines de semana, está casada e o seu marido vive en Senegal, reside en Vigo dende 2002).

Ademais do tema da vestimenta, tamén algunha entrevistada referiuse ó feito de que a asociaran, debido ó cor da súa pel, co ámbito da prostitución, sobre todo en contextos de ocio, como en discotecas, bares, etc. Neste caso, detéctase como se entrelaza a discriminación racista coa sexista e de clase social, vinculando o feito de ser negra a traballar no ámbito da prostitución, o que na nosa sociedade, como se sinalou no apartado anterior, conleva un “estigma” moi intenso de infravaloración. Dáse, así mesmo, unha homoxeneización en torno a tódalas mulleres negras, asociándoas de xeito conxunto con aquelas mulleres nixerianas que se dedican á prostitución de rúa. A homoxeneización facendo énfase nunha actividade tan estigmatizada como a prostitución é outro xeito de exercer o racismo cara ás mulleres subsaharianas.

¹⁰⁴ Nash, Mary (2005): *Inmigrantes en nuestro espejo. Inmigración y discurso político en la prensa española*, Icaria, Barcelona, 2005, p. 118, [traducción propia].

“Yo si voy a la discoteca, mucha gente piensa que si eres negra, puta, si, porque,..., están las nigerianas, en la calle, me entiendes, ellos no saben distinguir, en la calle,..., te estoy diciendo, si voy a la discoteca yo, y se creen eso, si alguien se acerca es para tener un rollo, ligar contigo, te digo, ah, no, ni caso, si te dicen, se acercan: hola morena, que..., no les doy nada, ni caso, ...” (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

Este tipo de racismo se corresponde, segundo a tipoloxía de Bolzman, co racismo interpersoal. Neste caso o racismo é o resultado da acción de individuos ou de grupos informais que non dispoñen dun poder estruturado sobre as vítimas nin se reclaman dunha ideoloxía racista forte para actuar de xeito violento ou exercer un comportamento discriminante cara elas. É, o que en palabras de Audre Lorde¹⁰⁵, poderíamos chamar “racismo cotiá”, explicado claramente pola escritora neste fragmento:

“Mais as mulleres Negras e as nosas fillas sabemos que a violencia e o odio forman parte inextricable da trama das nosas vidas e que non hai descanso posible. Non só nos enfrontamos a eles nas barricadas ou nas escuras calexas, nin nos lugares onde nos atrevemos a verbalizar a nosa resistencia. Para nos, a violencia está cada vez máis entretecida co noso vivir cotiá; a atopamos no supermercado, en clase, no ascensor, no hospital ou no patio do colexio, na relación co fontaneiro, co panadeiro, coa dependenta, co conductor do autobús, co caixeiro do banco ou coa camareira que se nega a servirnos”¹⁰⁶

Por outra banda, seguindo coas mulleres senegalesas, neste caso se fará referencia ó caso dunha muller que sentiu o racismo coa familia do seu marido (era galego), coa que tivo que convivir durante un tempo en Galicia, decidindo finalmente saír da casa familiar polas continuas humillacións sufridas. Como se pode observar neste fragmento, os estereotipos sobre as mulleres subsaharianas inclúen o feito de consideralas como “mulleres atrasadas”, procedentes de zonas selváticas e “sen civilizar”.

“Aquí, si, racismo con mi familia de mi marido, .., o sea, hasta hoy yo veo que,..., hay cosas que se atreven a hacerme, que ni se atreven a hacerlo a la otra, que es

¹⁰⁵ Lorde, Audre (2003): *La hermana, la extranjera*, horas y Horas, Madrid.

¹⁰⁶ Ibídem, p. 128 [traducción propia].

española, a lo mejor que es una negra, se creen que vivo a la selva, que no sé nada, porque un día vine de Francia me dice mi suegra, el grifo se gira así, y no gires el agua caliente que está estropeada, se gira aquí,..., me da la risa, es que yo, ..., si uno no sabe no sabe, porque yo soy negra pero de una familia de mucha educación, y que soy muy inteligente, me considero muy inteligente, yo llegué aquí y no sabía decir ni buenos días, y hice muchas cosas que sus propios hijos españoles aún no han hecho” (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

A mesma entrevistada salienta outro aspecto que lle resulta discriminante respecto á sociedade galega: o feito de que lle fagan preguntas persoais continuamente debido ó seu carácter de muller inmigrante, negra ou procedente dun “estraño país africano”; o que supón a incómoda obriga de dar explicacións acerca da súa conducta ou da súa presenza en terras galegas, unha obriga que non senten as persoas “autóctonas”.

“No, no, la verdad, estoy aquí pero tengo mi mente en Senegal, yo veo una cosa, las mujeres gallegas cuando ve una inmigrante, o,..., una negra como yo, quieren saber todo de tu vida, te quieren preguntar, eres como un misterio, y tu no puedes saber nada de ellos, me molesta, eres como un misterio, tiene marido, tiene hijos, como hace, como, (...)”, (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

O antropólogo Manuel Delgado ten traballado esta temática en referencia ó que el denomina o “dereito á indiferencia”, un dereito que esta senegalesa reclama, noutras palabras, para si mesma. Delgado¹⁰⁷ subliña que o “dereito á cidade”, o “dereito á cidadadanidade”, pasa por ver recoñecido o dereito á invisibilidade, á protección que presta a indiferencia.

En segundo termo, pasando ás mulleres nixerianas, tamén se constataron episodios de racismo, vinculados en varios casos ás súas actividades laborais, onde se detecta claramente a interconexión (e o reforzamento mutuo), entre a discriminación racial e a clase social; unhas discriminación que segundo Sònia Parella, socióloga especialista en

¹⁰⁷ Delgado, Manuel (1998): “Racismo y espacio público”, en *Acciones e Investigaciones Sociales* Nº 7, pp. 5- 28, p. 11.

mercado de traballo e inmigración feminina, actúan de modo simultáneo e non dun modo secuencial ou sucesivo¹⁰⁸. A seguinte entrevistada relata a continuación o rexeitamento sufrido por razón de ser negra no acceso ó mercado laboral, salientando a discriminación no acceso ás propias ETT's.

“De que no te contraten, si tienes suerte de que te cojen, porque tu vayas a pedir trabajo en empresa de temporal, allí dentro de la puerta ahí ya racismo, algo hay, como tú eres de color y ellos blanco, allí ya hay algo, (...), donde hay encargado alguno no le gusta la gente de color; después al llamar si fuera tú misma a pedir, algunos salen en el periódico, tú intentas a llamar, y preguntas, y te preguntan de donde eres, para que tú le digas mira soy de Nigeria” (E7, 32 anos, rexenta unha perruquería, reside en Vigo dende 2003, está casada).

Este tipo de racismo podería ser encadrado seguindo a tipoloxía de Bolzman no de “abuso por funcións”, xa que este tipo actos racistas son cometidos por persoas que dispoñen dun poder formal sobre as vítimas debido á función que ocupan. Os/as autores/as dese tipo de actos teñen a impresión de que a súa posición profesional os/as lexítima e os/as protexe para actuar como o fan, a pesar de que a lei garante, en principio, a igualdade de tratamento para todos/as. Estas persoas séntense cubertas pola súa posición xerárquica para discriminar ou agredir ós/ás demais con toda impunidade.

A continuación, outra muller nixeriana, na actualidade ocupada na hostalería, salienta as discriminacións sufridas, neste caso por parte dunha das compañeiras de traballo cando se dedicaba á limpeza dun hotel. De novo, estamos ante un racismo interpersoal que tenta boicotear ás oportunidades dunha persoa en función da súa procedencia de orixe ou da súa cor de pel.

“Yo te digo, en mi sitio de trabajo, yo trabajo en la hostelería, me entiendes, mucho racismo, mucho racismo, (...), con los clientes no, compañeras de trabajo, claro, compañeras de trabajo; una le dice a mi jefe, si renuevas contrato de Sali, yo me voy a salir de aquí, yo le juro, que viva Dios que viva, si mi sitio

¹⁰⁸ Parella, Sònia (2005): “Segregación laboral y “vulnerabilidad social” de la mujer inmigrante a partir de la interacción entre clase social, género y etnia” en Solé, Carlota e Flaquer, Lluís: *El uso de las políticas sociales por las mujeres inmigrantes*, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 95- 136, p. 109.

está en este puesto, es en este hotel, tú estas de limpieza, yo también, tú vas a dejar aquí,..., ya nos veremos, se lo digo así, y si me renuevan, yo me voy,..., cuando me renuevan, ella no podía aguantar hasta que termina su contrato, ella se fue, española, ¿eh?, gallega, ¿eh?, ella se marchó porque me renovaron, eso es puro racismo, (risas), no, es verdad, es verdad, pura, ¿eh? Bien crudo, crudo, crudo racismo...” (E9, 30 anos, traballa na hostalería, reside en Vigo dende 1999, está casada).

Se ó longo deste apartado se fixo fincapé na valoración por parte das entrevistadas das diferentes discriminacións sufridas no contexto da sociedade galega, para rematar este epígrafe será interesante recoller tamén a avaliación que as propias mulleres subsaharianas contactadas realizan acerca das discriminacións que detectan ó interior das súas propias comunidades de orixe. Varias das entrevistadas, (4 delas), sinalaron o feito de que os varóns da súa propia comunidade exercían unha clara discriminación sexista cara as mulleres do seu propio colectivo, denunciando esta situación. Deste xeito, estas mulleres poñen de manifesto como son obxecto dunha “dobre discriminación”¹⁰⁹ dende diferentes direccións: dende a sociedade de acollida, e dende os seus propios colectivos. Constatar este feito non conleva optar por unha ollada paternalista cara estas mulleres, máis ben todo o contrario: son as propias mulleres entrevistadas as que mostran unha meridiana claridade na avaliación que fan da situación, rachando o estereotipo de “espectadoras pasivas” que soe recaer sobre as mulleres migrantes.

Os aspectos máis salientados polas entrevistadas aluden ós privilexios dos que gozan os varóns no terreo doméstico, recaendo sobre as mulleres tódalas tarefas reproductivas.

“Preguntas yo puedo explicar los machistas de allá, allá el hombre es la cabeza de la casa, para todo, todo, todo, (...), si, los hombres allá !no hacen nada! ensucian, comen, y nada, ..., tienes que poner tu la comida, la mujer tiene que llevarle la comida para comer, mientras él comiendo, la mujeres está allí, le da

¹⁰⁹ Mary Nash ten traballado o tema da “dobre colonización” das mulleres do Terceiro Mundo: “Tense planteado a existencia dunha dobre colonización das mulleres das sociedades colonizadas e poscoloniais. A mentalidade imperial impuña a súa subalternidade como persoas colonizadas pero tamén o facían as imposicións patriarcais das culturas autóctonas”, en Nash, Mary, (2004) *Mujeres en el mundo: historia, retos y movimientos*, Alianza Ensayo, Madrid, p. 231- 232, [traducción propia].

agua, como un Dios, mucho morro, si, si, (*risas*), así es” (E7, 32 anos, rexenta unha perruquería, reside en Vigo dende 2003, está casada).

Outro eido temático que saíu na realización do traballo de campo ten que ver co réxime matrimonial polixínico permitido tanto en Senegal (os varóns poden contraer matrimonio ata con catro esposas)¹¹⁰, como en Nixeria (está permitido un número ilimitado de esposas). Por exemplo, esta entrevistada subliña que este réxime pode producir conflitos entre as propias esposas.

“Es machista, pero el que tiene 2 o 3 mujeres, si tiene ya es machista, porque no le cuida, ya es machista, porque para nosotros, las mujeres tienen muchos celos y todo, ¿entiendes?” (E7, 32 anos, rexenta unha perruquería, reside en Vigo dende 2003, está casada).

O réxime polixínico resulta tamén conflictivo para as mulleres católicas, como a seguinte entrevistada, xa que para o catolicismo a poligamia está prohibida. A súa vez, esta entrevistada fai alusión ó intento de control social por parte dun varón senegalés co que está comezando unha relación amorosa, mostrando o seu rexeitamento e rebelión fronte a esta invasión do seu espazo persoal.

“Pero el sabe que tengo mucho carácter que eso no va conmigo, aun no es mi nada, nos estamos conociendo, no sé, porque eso de tenga mujer ya a mi madre no le va a gustar, no digo nada, hago lo que quiero, para mi madre no es normal, porque es católica, son monógamos, habla cosas que me sorprenden, y le digo de broma: aunque tenga que hacer pis te tengo que llamar para decirte que voy al baño, y me responde, si puedes, si, (*risas*), que piensa que, el sabe, el sabe, a mi nadie me controla, yo hago mi vida y lo que quiero, si voy a Senegal es a disfrutar”, (E5, 37 anos, limpa pratos nun restaurante, reside en Vigo dende 2004, está separada e ten unha filla de 5 anos).

¹¹⁰ Kaplan, Adriana (1998): *De Senegambia a Cataluña: procesos de aculturación e integración social*, Fundación “la Caixa”, Barcelona, p. 45.

Por último, o fragmento seguinte salienta as dificultades de ter relacións amorosas normalizadas e a imposibilidade de expresar o cariño en público. Neste caso, a entrevistada é senegalesa.

“Vivía África antes, hay mucha diferencia, para aprender, la vida, muchas cosas aquí que no hay allí, como por ejemplo los novios, tener novio aquí, vivir con tu novio, abrazar a la calle aquí, allí no, todo lo haces en la habitación, en la calle no, ..., ni la mano, a la noche, pero en el día no, allí no”, (E1, 22 anos, traballa nunha perruquería, solteira e sen fillos/as, reside en A Coruña dende 2006).

9.- CONCLUSIONES

Neste traballo de investigación tentouse dar conta dos diferentes percorridos migratorios que teñen ás mulleres subsaharianas residentes en Galicia como protagonistas. A través das mulleres senegalesas e nixerianas puidemos achegarnos a unha ampla diversidade de experiencias migratorias, situacións familiares, ocupacións laborais e xeitos de vivir no destino migratorio.

Así, se puideron detectar tanto proxectos migratorios autónomos (iniciados polas mulleres subsaharianas), como proxectos migratorios ligados á familia, como o caso dunha importante porcentaxe de mulleres senegalesas. En ámbolos casos, as mulleres subsaharianas se atopan con barreiras específicas que fan especialmente dura a súa experiencia migratoria: por unha banda, para moitas mulleres senegalesas que veñen a Galicia como reagrupadas familiares, a lei lles impide acceder a un traballo no primeiro ano de estancia en destino, o cal resulta unha clara discriminación indirecta segundo sexo. Ademais dentro das mulleres que se dedican ó traballo doméstico no propio fogar puidemos detectar uns graves procesos de illamento social como consecuencia dos cambios culturais en canto ó xeito de organizar a vida cotiá con respecto ós seus países de orixe, (cunha organización máis comunitaria dentro de familias extensas).

Por outra banda, aquelas mulleres subsaharianas protagonistas dunha migración autónoma se atopan cun mercado laboral que as discrimina por partida triple: como mulleres, estranxeiras e negras. Así, tendo en conta a complexa situación socio- laboral das mulleres inmigrantes en xeral, se puido detectar como no caso das mulleres subsaharianas se daba unha volta de torca máis na segregación laboral, para ocupar os postos máis baixos do mercado laboral. Mais, tamén puidemos advertir como as propias mulleres subsaharianas, senegalesas neste caso, activan as súas propias estratexias informais de resistencia, mediante as denominadas “tontines”; unhas asociacións informais estendidas entre as mulleres deste colectivo, que funcionan como unha especie de caixa de crédito rotativa, e que serve para paliar as dificultades económicas, ter capacidade de inversión, facer fronte ás situacións de urxencia,...; así mesmo, non podemos esquecer a función lúdica que posúen estas asociacións, moitas veces vinculadas a unha mesma xeración de mulleres, que se reúnen ó longo dos anos para celebrar tamén, diferentes tipos de festexos.

A forte segregación laboral da que falamos arriba, exemplifícase dun xeito paradigmático para o caso daquelas mulleres nixerianas que exercen a prostitución, as cales presentan unha serie de condicións que as sitúan nun nivel elevado de vulnerabilidade: a realización da prostitución na rúa, o contraemento da débeda pola viaxe ata España, os menores ingresos que reciben, e o seu maior grao de hermetismo á hora de compartir as súas experiencias, nos remiten a unha vivencia da prostitución especialmente dura.

Nesa liña, unha das conclusións á que se chegou a través do traballo de campo, é a fonda discriminación por razón de raza que sofren estas mulleres subsaharianas: tódalas mulleres entrevistadas subliñan ter sufrido algún episodio de racismo por parte da sociedade galega. Unha discriminación que se entremestura coas outras variables, as de xénero e de clase. Este racismo é de diferentes intensidades e actúa en moi diferentes fronteiras: no mercado laboral, na rúa, nos espazos de ocio, etc. En síntese, a discriminación pola cor de pel, e a asociación coa prostitución é unha xeneralidade que estigmatiza ó conxunto de mulleres subsaharianas en Galicia.

Mais, non só a pé de rúa se reproducen os estereotipos, senón que, a partires da análise de prensa observouse como dende os xornais analizados se actualiza e se reproduce a mensaxe reduccionista e homoxeneizadora acerca das mulleres inmigrantes. En xeral a presenza das mulleres inmigrantes na prensa é moi escasa. Ademais, hai que salientar o feito de que cando se ofrecen datos cuantitativos, o máis habitual é o uso do xenérico masculino; e cando se cita a presenza dunha muller, se presenta textualmente como unha excepción¹¹¹. En xeral, polo tanto, hai que salientar a invisibilización que se da por parte dos medios de comunicación das mulleres subsaharianas: nas escasas ocasións que aparecen nalgunha nova na prensa analizada, o fan como protagonistas de “botíns de guerra”. Nos debates políticos, a pesares da maior presenza no discurso político das mulleres inmigrantes en plena campaña electoral, as mulleres inmigrantes subsaharianas resultan ser as grandes esquecidas: dende a prensa tódalas mulleres inmigrantes parecen ser marroquinas, musulmanas e levar velo, o cal, tendo en conta, a imaxe pexorativa que

¹¹¹ Pérez, Clara (2003): “Género y discursos sobre la inmigración en la prensa” en Aierbe, Peio, Díaz, Ismael, Martínez, Raúl, Mazkarian, Mikel e Pérez, Clara: *Análisis de prensa 2002. Inmigración, racismo y xenofobia*, MUGAK, Donosti, pp. 123- 171, p. 163.

se da nos medios destas mulleres marroquinas, a xeralización e estigmatización do conxunto de mulleres inmigrantes baixo un prisma negativo e “velado” semella ser a tendencia habitual non só nos medios, senón tamén nos discursos políticos.

10.- BIBLIOGRAFÍA

- AGRELA, Belén (2004): “La acción social y las mujeres inmigrantes: ¿Hacia unos modelos de intervención?”, *Portularia*, Nº 4, pp. 31-42.
- AGUSTÍN, Laura Mª (2001): “Mujeres migrantes ocupadas en servicios sexuales” en Colectivo Ioé: *Mujer, inmigración y trabajo*, IMSERSO, Madrid, pp. 647-716.
- ALECRÍN (2006): *Informe prostitución en Lugo*, Casa da Muller, Concellería de Muller e Servizos Sociais e Concello de Lugo, Lugo.
- ANTHIAS, Floya e YUVAL-DAVIS, Nira (2002): “Raza y género” en Terrén, Eduardo, (ed): *Razas en conflicto. Perspectivas sociológicas*, Anthropos, Barcelona, pp. 250- 262.
- ANZALDÚA, Gloria (1987): *Borderlands, la frontera: The new mestiza*, Aunt lute books, San Francisco.
- BACH, Marta, ALTÉS, Elvira, GALLEGO, Joana, PLUJÀ, Marta e PUIG, Montserrat (2000): *El sexo de la noticia*, Icaria, Barcelona.
- BARBA Montserrat, CORTÉS Adriana, GARCÍA Pilar, RÚAS José (2007): “A inmigración na prensa galega. O reflexo da diversidade. Perspectiva teórica e análise socio- estatística”, Universidade de Vigo, A Coruña.
- BERMÚDEZ, Kira e KAPLAN, Adriana: “Mujeres, diversidad y diálogo: de caminos y fronteras”, *Asparkía, investigación feminista*, Nº 15, 2004, pp. 27- 41.
- BRAH, Avtar (2004): “Diferencia, diversidad, diferenciación” en hooks bell, Brah Avtar, Sandoval Chela, Anzaldúa Gloria, Levins Aurora, Alexander, Jacqui, Talpade, Chandra: *Otras inapropiables*, Traficantes de sueños, Madrid, pp. 107-136.
- BOLZMAN, Claudio (2000): “El racismo cotidiano: análisis y perspectivas a partir del punto de vista de las víctimas”, *Mugak*, Nº13 .

- BRULLET, Cristina e PARELLA, Sònia (2005): “La conciliación de la vida familiar y laboral de las madres latinoamericanas. Un primera exploración del caso de Barcelona”, en Solé, Carlota e Flaquer, Lluís: *El uso de las políticas sociales por las mujeres inmigrantes*, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 255- 298.
- CARMONA, Sara (2000): “Inmigración y prostitución. El caso del Raval (Barcelona)”, *Papers* N° 60, pp. 343- 354.
- DELGADO, Manuel (1998): “Racismo y espacio público”, en *Acciones e Investigaciones Sociales* N° 7, pp. 5- 28
- DONNA J. Guy (1991): *El sexo peligroso. La prostitución legal en Buenos Aires, 1875- 1955*, Editorial Sudamericana, Buenos Aires.
- EL- MADKOURI, Mohamed (2004): “Mujer árabe y prensa española: representaciones de un colectivo migrante”, *Asparkia investigació feminista*, N° 15, pp. 173-191.
- FERNÁNDEZ, Lucía (2006): “La dialéctica de la inclusión versus exclusión de l@s inmigrantes: retórica y realidad” en Santos Rego, Miguel A. (ed.): *Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural*, Grupo Editorial Universitario, 2006, pp. 171- 191.
- FOX KELLER, Evelyn (1991): *Reflexiones sobre género y ciencia*, Edicions Alfons el Magnànim, Valencia.
- hooks bell, BRAH Avtar, SANDOVAL Chela, ANZALDÚA Gloria, LEVINS Aurora, ALEXANDER, Jacqui, TALPADE, Chandra (2004): *Otras inapropiables*, Traficantes de sueños, Madrid.
- INIESTA, Ferrán (1998): *Kuma. Història del Àfrica negra*, edicions bellaterra, Barcelona.

- JULIANO, Dolores (¿): “La inmigración sospechosa y las mujeres globalizadas” en *Mujeres de un solo mundo*, pp. 123- 134.

- JULIANO, Dolores (1998): *Las que saben. Subculturas de mujeres*, horas y Horas, Madrid.

- KAPLAN, Adriana (1998): *De Senegambia a Cataluña: procesos de aculturación e integración social*, Fundación “la Caixa”, Barcelona.

- LENA, Dominelli e McLEOD, Hielen (1999): *Trabajo social feminista*, Cátedra, Madrid.

- LORDE, Audre (1992): “Who said it was simple”, *The Collected Poems of Audre Lorde*, Norton, Nueva York.

- _____ (2003): *La hermana, la extranjera*, horas y Horas, Madrid.

- MASSÓ, Ester (2004): “Inmigración senegalesa en Granada. Capital social, asimilación y resistencia culturales, economía informal” en *Gazeta de Antropología*, N° 20, texto 20- 23.”

- MALGESINI, Graciela e JIMÉNEZ, Carlos (1997): *Guía de conceptos sobre migraciones, racismo e interculturalidad*, La cueva del oso, Madrid.

- MARTÍN, Gema e LÓPEZ, Ana (2003): *Mujeres musulmanas en España. El caso de la inmigración femenina marroquí*, Instituto de la Mujer, Madrid.

- MÉDICOS DEL MUNDO(2005): *X Informe sobre exclusión social*, Madrid.

- MERNISSI, Fatema (1992): *El miedo a la modernidad. Islam y democracia*, Ed. Oriente y Mediterráneo, Madrid.

- MESTRE, Ruth (1999): “Vínculo social y trabajo hoy (o porqué las inmigrantes no trabajan)”, *Cuadernos Electrónicos de Filosofía del Derecho*, N° 2.

_____ (2005): “Trabajadoras de cuidado. Las mujeres de la ley de extranjería”, en Checa, Francisco (ed): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 139- 167.

- MOHAMADOU, Abdoul (2001): “Senegal. Las relaciones sociales entre hombres y mujeres a través de las actividades económicas femeninas y la gestión del marco de vida”, en Verschuur, Cristine e Hainard, Francois, (autores/as principals): *Empoderamiento de las mujeres en las crisis urbanas*, Iepala Editorial, Madrid, pp. 125- 165.

MUGAK (1997): “Medios de comunicación, élites y crítica del discurso”, en *Mugak*, N° 2 (editorial).

- NASH, Mary (2004): *Mujeres en el mundo: historia, retos y movimientos*, Alianza Ensayo, Madrid.

_____ (2005): “Inmigrantes en nuestro espejo. Inmigración y discurso político en la prensa española”, Icaria, Barcelona.

- OSO, Laura (1998): *La migración hacia España de mujeres jefas de hogar*, Instituto de la Mujer, Madrid.

_____ (2005): “Mujeres inmigrantes y prostitución en Galicia”, en Solé, Carlota e Izquierdo, Antonio (Coords): *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, pp. 119- 135.

_____ (2005): “Las jefas de hogar en un contexto migratorio: modelos y rupturas”, en Checa e Olmos, Francisco (ed): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 85- 104.

- PARELLA, Sònia (2003): *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*, Anthropos, Barcelona.

_____ (2005): “Segregación laboral y “vulnerabilidad social” de la mujer inmigrante a partir de la interacción entre clase social, género y etnia”, en Solé, Carlota e Flaquer,

Lluis: *El uso de las políticas sociales por las mujeres inmigrantes*, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 95- 136.

- PÉREZ, Clara (2003): “Género y discursos sobre la inmigración en la prensa” en Aierbe, Peio, Díaz, Ismael, Martínez, Raúl, Mazkarian, Mikel e Pérez, Clara: *Análisis de prensa 2002. Inmigración, racismo y xenofobia*, MUGAK, Donosti, pp. 123- 171.

- RODRÍGUEZ, Estela (2005): “Mujeres inmigradas y medios de comunicación. Movimientos sociales en búsqueda de una representación propia”, en Checa e Olmos, Francisco (ed.): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, pp. 169- 192.

- RODRÍGUEZ, Pilar (2001): “Feminismos y postmodernidades en la fortaleza europea”, en Birriel, Margarita M^a y Rodríguez, Pilar (eds): *Mujeres y fortaleza*

- ROQUERO, Esperanza e RODRÍGUEZ, Pilar (1995): *La diversidad de las mujeres migrantes: caso de la ciudad de Granada*, Ministerio de Asuntos Sociales- Instituto de la Mujer, Madrid.

- SANTAMARÍA, Enrique (1996): “Relativismo cultural y construcción del género en el discurso sobre la “inmigración no comunitaria”, en Brullet, Cristina e Carrasquer, Pilar (comp.): *Sociología de las relaciones de género*, Instituto de la Mujer, Madrid, pp. 75- 84.

- SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE (2004): *A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

- SOLANA, José Luis (2005): “Mujer inmigrante y prostitución: falacias y realidades” en Checa e Olmos, Francisco (ed.): *Mujeres en el camino*, Icaria, Barcelona, 221- 257, p. 225.

- SUÁREZ, Liliana (1998): “Los procesos migratorios como procesos globales: El caso del transnacionalismo senegalés”, *Ofrim/ Suplementos*, N° 3, pp. 39- 63.

- SURT (2007): “Obstáculos y dificultades de la reubicación de las trabajadoras sexuales en el mercado laboral”, [en línea], disponible en: www.surt.org, [consulta: 10/03/2009].
- VAN DIJK, Teun A. (1997): *Racismo y análisis crítico de los medios*, Paidós, Barcelona.

ANEXO 1: ÍNDICE DE GRÁFICOS E TÁBOAS

Táboa 1: Distribución por nacionalidades e sexo da inmigración africana en Galicia.....	9
Táboa 2. Distribución das mulleres estranxeiras segundo continente de orixe.....	23
Táboa 3. Distribución por sexo da inmigración en Galicia, segundo continente de procedencia.....	24
Táboa 4. Distribución provincial da poboación senegalesa en Galicia, 2007.....	29
Táboa 5. Distribución por idades e sexo da poboación senegalesa, 2007.....	29
Táboa 6. Porcentaxe de mulleres na inmigración senegalesa en Galicia	30
Táboa 7. Senegaleses/as contratados/as de xaneiro a decembro de 2007.....	34
Táboa 8.Distribución provincial da poboación nixeriana en Galicia, 2007.....	41
Táboa 9. Porcentaxe de mulleres na inmigración nixeriana en Galicia.....	42
Táboa 10. Distribución por idades e sexo da poboación nixeriana, 2007.....	43
Gráfico 1. Porcentaxe de mulleres inmigrantes en Galicia,	22
Gráfico 2: Porcentaxe de mulleres estranxeiras segundo Continente de orixe.....	23
Gráfico 3. Distribución da inmigración en Galicia, por sexo e continente de orixe.....	24